

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de maio de 2024 segundo borrador da sesión de data 4 de abril de 2024.

Esténdese a presente dilixencia para constancia, coa sinatura dixital do Sr. Alcalde-Presidente e do Secretario municipal.

Visto e prace
(Asinado dixitalmente)

O secretario municipal
(Asinado dixitalmente)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA CATRO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO

C.I.F. P-1503100-H

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. Cristina Pardo Portos
D^a. Marta María Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. María Penélope López Díaz
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez

Grupo municipal do PP:

D^a. Izaskun García Gorostizu
D. Marco Antonio Pazos Regueiro
D. Juan Carlos Leites Maneiro
D. José Antonio Golpe Faraldo

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

D^a. Vanesa Fernández González
D. Antonio Bouza Teijeiro
D. Manuel Núñez Seoane

Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera
D. Gonzalo Méndez Mosqueira
D. Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez

Grupo municipal AA.VV.:

D^a. Indrani Thais Palla Maceiras
D. Miguel Fraga Pulleiro

Secretario:

D. Rafael José del Barrio Berbel

Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

C.I.F. P-1503100-H

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás vinte horas e tres minutos (20:03 h) do día catro de abril de dous mil vinte e catro (04/04/2024), reúnese en sesión ordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto por resolución núm. 563 do 01/04/2024, as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario xeral do Concello, don Rafael José del Barrio Berbel.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DE DATAS 30/01/2024 (doc. USG18I01DF) E 27/02/2024 (doc. USG18I02DM) E DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS DE DATAS 23/01/2024 (doc. USG18I01WN) E 15/02/2024 (doc. USG18I022B)

1.1.- BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 30/01/2024 (doc. USG18I01DF)

Sometido a votación, por unanimidade dos seus membros (21), o Pleno municipal aproba o borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o 30/01/2024.

1.2.- BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 27/02/2024 (doc. USG18I02DM)

Sometido a votación, por unanimidade dos seus membros (21), o Pleno municipal aproba o borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o 27/02/2024.

1.3.- BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 23/01/2024 (doc. USG18I01WN)

Sometido a votación, por unanimidade dos seus membros (21), o Pleno municipal aproba o borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o 23/01/2024.

1.4.- BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 15/02/2024 (doc. USG18I022B)

Sometido a votación, por unanimidade dos seus membros (21), o Pleno municipal aproba o borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o 15/02/2024.

C.I.F. P-1503100-H

2.- PROPOSTA RELATIVA Á FIXACIÓN DA CANTIDADE GLOBAL DESTINADA A ASIGNACIÓN DE GRATIFICACIÓNS.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Sra. Concelleira de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior, de data 19 de febreiro de 2024, con código de documento UPO18I008P, sometida a ditame da Comisión Informativa Permanente de Cohesión Social e Réxime Interior de data 21 de marzo de 2024, que se transcribe no seu literal:

«PROPOSTA AO PLENO

A data de 15 de febreiro de 2024 o xefe do Gabinete Técnico emite un informe proposta con código de documento UPO18I00F6, que transcrito literalmente di:

“INFORME PROPOSTA PARA A FIXACIÓN DA CANTIDADE GLOBAL DESTINADA A ASIGNACIÓN DE GRATIFICACIÓNS.

ANTECEDENTES

En data 01/01/2024 prorrogouse o Orzamento do 2023, do Concello de Culleredo.

En data de 26/01/2024 emitíuse pola concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior unha providencia de inicio do expediente UPO/2024/29 no que se dispoñe:

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

“Primeiro.- Incoar expediente para que o Pleno do Concello de Culleredo determine no presuposto a cantidade global destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2 c) do Real Decreto 861/1986.

Segundo.- Solicitar informe aos distintos servizos municipais afectados para que informen no ámbito das súas respectivas competencias das previsións dos servizos extraordinarios a realizar fora da xornada a efectos de fixar as cuantías globais de gratificacións.”

En data de 29/01/2024 emitíuse un informe da xefatura da Policía Local de Culleredo no que se prevé para o ano 2024 a realización dun número de horas extraordinarias un vinte por cento superior ás realizadas no ano 2023 (Cód. Doc. USC18I003G)

Debido á necesidade de satisfacer os traballos realizados por diversos funcionarios do Concello de Culleredo en horario extraordinario, é urxente que o Pleno do Concello de Culleredo resolva á maior brevidade posible a determinación no presuposto da cantidade global destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios dentro dos límites sinalados no artigo 7.2 c) do Real Decreto 861/1986.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

C.I.F. P-1503100-H

O RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración local, atribúe o Pleno da Corporación a competencia para determinar no Orzamento, a cantidade global destinada a asignacións de gratificacións.

O artigo 7 do Real Decreto 861/1986 sinala o seguinte:

“1. Los créditos destinados a complemento específico, complemento de productividad, gratificaciones y, en su caso, complementos personales transitorios, serán los que resulten de restar a la masa retributiva global presupuestada para cada ejercicio económico, excluida la referida al personal laboral, la suma de las cantidades que al personal funcionario le correspondan por los conceptos de retribuciones básicas, ayuda familiar y complemento de destino.

2. La cantidad que resulte, con arreglo a lo dispuesto en el número anterior, se destinará:

a) Hasta un máximo del 75 por 100 para complemento específico, en cualquiera de sus modalidades, incluyendo el de penosidad o peligrosidad para la Policía Municipal y Servicio de Extinción de Incendios.

b) Hasta un máximo del 30 por 100 para complemento de productividad.

c) Hasta un máximo del 10 por 100 para gratificaciones.”

Tendo en conta que no Orzamento en vigor se recollen os seguintes datos:

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

- Masa retributiva global (excluído persoal laboral): 4.942.621,64 €
- Retribucións básicas: 2.453.286,57 €
- Complemento de destino: 925.287,46 €
- Axudas familiares: 21.286,07 €

O límite sinalado no artigo 7.2 c) do Real Decreto 861/1986 é de 154.276,14 euros.

Á vista das dimensións do persoal do Concello, resulta necesario para garantir a correcta prestación de determinados servizos municipais a realización de servizos extraordinarios, especialmente pola Policía municipal. Debe terse en conta que é posible a cobertura orzamentaria dos servizos extraordinarios debido á existencia de postos vacantes con dotación orzamentaria así como da existencia dun excedente na partida de produtividade.

Co obxectivo de dar cumprimento a competencia do Pleno, para determinar a cantidade global destinada a gratificacións, e tendo en conta que existe crédito a nivel de vinculación xurídica aprobado, **PROPONSE**:

Primeiro: Fixar a cantidade global destinada a Gratificacións nos importes seguintes:

132.15100	135.000 euros
135.15100	5.000 euros
231.15100	1.100 euros
320.15100	3.100 euros
920.15100	5.000 euros
931.15100	5.000 euros

C.I.F. P-1503100-H

Segundo.- Imputar os ditos importes con cargo os créditos dispoñibles a nivel de vinculación xurídica, con efectos do 1 de xaneiro do 2024."

Visto o informe proposta do xefe do Gabinete Técnico

Visto o informe de fiscalización favorable da interventora xeral de 29 de febreiro de 2024, con código de documento UIT18I009I

Visto o informe da Xefatura da Policía Local de 29 de xaneiro de 2024, con código de documento USC18I003G

Proponse ao Pleno municipal:

Primeiro: Fixar a cantidade global destinada a Gratificacións nos importes seguintes:

132.15100	135.000 euros
135.15100	5.000 euros
231.15100	1.100 euros
320.15100	3.100 euros

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

920.15100 5.000 euros
931.15100 5.000 euros

Segundo.- Imputar os ditos importes con cargo os créditos dispoñibles a nivel de vinculación xurídica, con efectos do 1 de xaneiro do 2024.»

A concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior fai unha presentación da proposta presentada.

A Presidencia abre a quenda para o **DEBATE**.

Solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que para o seu Grupo é moi importante que os servizos municipais estean cubertos e entenden a necesidade de aprobar as gratificacións recollidas na proposta dada a deficiencia de persoal manifesta que hai no Concello; entenden que esta situación mellorará nos vindeiros meses e no vindeiro ano co programa de implantación da sede electrónica que vai beneficiar tamén o tema de persoal en varios ámbitos. O seu Grupo vaise abster na votación confiando en que esta sexa a última proposta que haxa que aprobar neses termos e que as gratificacións non sexan a vía de afrontar o pago dos rendementos laborais dos traballadores do Concello nos diferentes departamentos. A última vez que se falou sobre este tema no Pleno a interventora municipal emitiu un informe verbal en relación ao cumprimento das limitacións do artigo 7 e se lles indicou que se ía achegar por escrito para saber se no pasado ano 2023 se cumpría ese límite ou non e de momento non lles chegou polo que aproveita para reiterar dita solicitude e, aínda que neste caso si hai unha conformidade por parte da Intervención respecto da procedencia das gratificacións que se recollen na proposta, queren ter a certeza de que no pasado ano 2023 isto era así e poder telo por escrito.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, di o que deseguido se transcribe:

“Parece que hoxe estamos a vivir un “dejavu” e que nos retrotraemos 3 meses aos plenos do mes de decembro do pasado ano, exactamente ao pleno do 28 de decembro de 2023, no que o goberno municipal aprobou no minuto de desconto, e coa abstención cómplice do Partido Popular, levantar 13 reparos de intervención para o pago de gratificacións, é dicir para o pago de horas extraordinarias realizadas por traballadores e traballadoras municipais, para as que non se contaba con crédito adecuado nin suficiente, como ben indicaba a propia interventora nos seus informes de fiscalización.

É ben curioso, gracioso incluso ao borde do humor ridículo, como compañeiros do seu partido rasgan as vestiduras noutros concellos da contorna porque un Alcalde levante un reparo de intervención, cando aquí vostede non fai outra cousa, tanto os que lle corresponde levantar a vostede como Alcalde, como os que son competencia do Pleno, repito, aprobadas co único voto a favor do seu grupo político, o PSOE, e coa abstención cómplice do Partido Popular.

Hoxe pretenden vostedes resolver para o exercicio 2024 as dúbidas que naquel Pleno do mes de decembro queríamos resolver os grupos da oposición respecto do límite máximo que nos orzamentos pode ser destinada ao pago de gratificacións. Para resolver aquela

6 de 70

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

cuestión solicitamos un informe que nunca se nos achegou, incluso tendo pedido no propio Pleno que se nos trasladase por escrito a valoración que realizaba a Señora Interventora verbalmente na que dicía, e así consta en acta, que podía “informar que esa porcentaxe a día de hoxe non está superada e que probablemente podería superarse, pero non en contía elevada, co abono das gratificacións extraordinarias”. Pois ben, nunca se achegou ese informe sobre o cumprimento do artigo 7 do Real Decreto 861/1986 que hoxe nos ocupa, non se informou aínda se infrinxiron vostedes a legalidade co levantamento daqueles 13 reparos de intervención, nin se informou aínda de se excederon vostedes o límite máximo para o pago de gratificacións no exercicio pasado, no ano 2023.

E agora queren poñer vostedes a tirta antes da ferida, traendo esta proposta para acordar o establecemento deses límites. Pero e que non é momento de acordar un punto dos orzamentos, o que a vostedes lles da a gana e lles resolve a papeleta para non ter que presentar nunca máis uns orzamentos e vivir na prórroga continua. É momento de acordar uns orzamentos para o exercicio 2024. Levan vostedes máis de 6 meses de retraso en presentar o proxecto de orzamentos. Non llo digo eu. Dillo a Lei de Bases de Réxime Local do ano 1985, que é máis vella ca min e que deberían xa coñecer ben. Artigo 112.4 di “A aprobación definitiva do orzamento polo Pleno da Corporación realizárase antes do 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse.” Creo que só no referente á aprobación do orzamento e na rendición de contas sobre a liquidación do orzamento previo é tan contundente esta Lei. É dicir, esta é a única obriga que esta Lei impón así, con data límite, e vostedes non son quen de planificar a presentación dos orzamentos.

E o retraso é seu, a obriga é súa. Non poden vostedes dicir que é culpa da falta de traballadores municipais, porque iso tamén é responsabilidade súa. Non poden vostedes dicir que é culpa dos grupos da oposición, porque son innumerables as ocasións nas que lles temos reclamado a presentación dun borrador de orzamentos, nos Plenos, nas Comisións, nos pasillos... Non hai excusa. Calqueira excusa que poidan dar só aumenta a sensación de ridículo e de pesar por contar cun goberno municipal que non é quen de cumprir con obrigas básicas da labor municipal. A evidencia é que xa non o eran cando tiñan maioría absoluta. Nos 6 anos que leva vostede sendo Alcalde, Sr. Rioboo, non foi quen de presentar nunca, NUNCA, uns orzamentos en tempo e forma, nin con maioría absoluta, nin sen ela.

Non é momento de poñer parches, non. É momento de que cumpran coa súa obriga de presentar para a súa aprobación un proxecto de orzamentos para o exercicio 2024. Non se confundan as veciñas e veciños que están hoxe eiquí no Salón de Plenos nin os que nos vén desde as súas casas. Hoxe, o goberno municipal, con esta proposta, non pretende dar seguridade xurídica ao pago de gratificacións aos traballadores públicos. O goberno municipal pretende derrubar a última barreira que lle impide tirarse á bartola e nin sequera presentar uns orzamentos, tal e como é a súa obriga.

Pero imos ao miolo do asunto, por se este fora xa pouco. Hoxe vostedes propoñen fixar a cantidade destinada no orzamento ás gratificacións, ao pago de horas extraordinarias. Pretenden fixar no orzamento esas cantidades máximas que lles permite a Lei. Segundo o cálculo dos técnicos municipais esa cantidade sería de pouco máis de 154.000€, dos que 135.000€ propoñen destinalos a gratificacións a efectivos da Policía Municipal. Por que? Por que a Xefatura da Policía Local emite un informe no que indica que durante o ano 2024 prevese que os seus efectivos realicen a friolera de máis de 4500 horas

7 de 70

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

extraordinarias, motivadas pola falta de persoal, por novas xubilacións e polo paso de varios integrantes da Policía Local a segunda actividade. Xa no ano 2023, este informe recolle que se realizaron 3752 horas extraordinarias, que segundo a información coa que contamos polo momento, repartíronse entre 23 traballadores e traballadoras, resultando nunha media dunhas 163 horas extraordinarias ao ano. Pois ben, como calqueira persoa, veciña, veciño, que nos esté escoitando saberá e supoñerá, a Lei marca límites á realización de horas extraordinarias para preservar os dereitos dos traballadores ao descanso, que é ademais unha obriga especialmente no relativo a algúns corpos de traballadores, certo?

Pois ben, volvemos ao “dejavú”... Como xa expuxemos no Pleno do 28 de decembro, vostedes queren perpetuar unha situación ilegal e de total anormalidade como que un traballador municipal realice 285 horas extraordinarias en menos de 9 meses, cando o límite máximo é de 80 horas extraordinarias en todo o ano... Si, veciñas e veciños que nos escoitan, cando o límite para todo o ano é de 80 horas, hai traballadores que realizan máis de 285 só en 9 meses.

E o límite máximo das 80 horas extraordinarias ao ano non o inventou o BNG. Está recollido no Estatuto dos Traballadores, está recollido no Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Culleredo (que por certo está máis que caducado, e moi desactualizado, a ver se atenden as peticións dos sindicatos para revisalo), e non só está recollido nese acordo, se non que está tamén recollido así no Anexo 1 dese acordo que está dedicado especificamente ás traballadoras e traballadores da Policía Local. O artigo 3, punto 1 dese Anexo di “O número de horas anuais polas que se pague servizos extraordinarios, non será superior a 80 horas por traballador.”

Evidentemente que se deben pagar as horas de traballo realizadas. Evidentemente que o servizo ten que estar cuberto. Tan evidente como que esta situación é resultado da desastrosa xestión da Concelleira Reprobada Dona Marta Figueroa, responsable da xestión de recursos humanos no Concello. Respecto a este asunto do límite máximo de horas extraordinarias, a Sra. Figueroa argumentaba na súa proposta para levantar os reparos de Intervención que aprobaron vostedes o pasado mes de decembro o seguinte, fago unha lectura literal: “A Interventora municipal sinala no seu informe que o Acordo negociado establece que non se pode sobrepasar, en relación a horas traballadas fora da xornada normal e retribuídas, o límite de 80 horas ao ano por traballador. Débese destacar que tal límite foi obxecto de interpretación o 13 de febreiro de 2019 pola Comisión Paritaria de interpretación, vixilancia e estudo, órgano responsable de velar pola aplicación e seguimento do acordo conforme ao disposto polo artigo 6 do Acordo Negociado, que acordou non aplicar a limitación das 80 horas dado que nin o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público nin a Lei 2/2015, do 29 de abril, do Empregado Público de Galicia, limitan o número de horas por servizos extraordinarios a realizar polo persoal funcionario.” E repite a Sra. Figueroa a mesma argumentación en cada ocasión que a Interventora cuestiona que se superen as 80 horas extraordinarias anuais. Ben, despois desta argumentación nós fixemos os nosos deberes, e solicitamos tódolos acordos que afectasen á aplicación desta limitación horaria. Tivémolo que pedir nun par de ocasións porque non recibiamos resposta. E onte sorpréndenos o Sr. Alcalde (bueno, non podemos dicir que nos sorprenda porque non había escapatoria) respondendo á nosa solicitude e indicando que “Os servizos extraordinarios que prestan os funcionarios de Policía réxense

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

polo convido no vixente Acordo Negociado das Condicións de Persoal Funcionario, concretamente no Anexo I que se adxunta ó presente expediente.” Sra. Figueroa, a resposta do Sr. Alcalde cuestiona todas e cada unha das súas xustificacións para o levantamento de reparos para o pago de gratificacións que aprobaron vostedes grazas á abstención dos seus colegas do Partido Popular. O Sr. Alcalde informa que non hai máis acordo que o recollido nese Acordo Negociado das Condicións de Persoal Funcionario que limita as horas extraordinarias a un máximo de 80 horas ao ano. Non sei cal dos dous está dicindo que o outro minte, pero alguén minte...

Hoxe este grupo municipal do BNG volve traer a Pleno a proposta que foi rexeitada polo PSOE en 2022, cando ademáis era a Sra. Figueroa tamén responsable da Área de Seguridade, unha proposta para conveniar coa Academia Galega de Seguridade Pública os procesos de selección de policía locais, falaremos do asunto máis tarde, pero na acta daquel Pleno de 30 de xuño de 2022 recóllese “Intervén a Sra. Figueroa Fuentes, concelleira de Seguridade Cidadá, e di que subscribe totalmente o dito polo Sr. Alcalde porque a OPE que se saca neste momento xa conta coas bases publicadas e co expediente iniciado polo que xa pode dicir que ao longo deste ano estarán e os prazos da AGASP para presentar as OPEs rematan no mes de xaneiro de cada ano polo que de presentar a OPE aprobada na Xunta de Goberno do 6 de xuño non entraría na AGASP ata xaneiro do ano 2023 para poder realizar o proceso de selección e Culleredo disporía dos policía locais a finais dese ano cando é posible, seguindo co proceso municipal, contar con eles a finais do 2022; di que a Academia fai varios cursos ao longo do ano pero que habería que ver o calendario porque pensa que só fan un proceso selectivo polo que é importante saber se se poderían facer convocatorias semestrais ou trimestrais para darlle a Culleredo a axilidade que neste momento precisa a plantilla da Policía Local.”

Xa está vostede, Señora Figueroa para darlle axilidade aos procesos de selección de persoal deste concello, claro que si. Mire se é vostede áxil, que aínda ten sen resolver procesos con prazos de Policía Local da Oferta de Emprego Público de 2019. A súa axilidade e celeridade como Concelleira responsable de persoal tradúcese en que contando cunha lista de substitucións vixente tarden un mes en dotar ao colexio Ría do Burgo dun posto de conserxería, mentres o profesorado ten que asumir o seu labor restando tempo doutras tarefas docentes ou organizativas. Todo isto entende vostede por axilidade.

E así estamos! Vostedes pretenden con esta proposta sentar as bases para evitar presentar os orzamentos anuais, como é a súa responsabilidade. E pretenden vostedes que validemos, que deamos carácter de normalidade, a que traballadores municipais teñan que facer máis do triple das horas extraordinarias máximas permitidas pola Lei para cubrir servizos esenciais que non contan con persoal suficiente grazas á incompetencia da Concelleira Reprobada a Sra. Marta Figueroa. Sobran os argumentos para non dar o apoio do BNG a esta proposta.”

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que, antes de entrar en materia, desde o seu Grupo queren resaltar que o que se trae a aprobar é a modificación dun orzamento prorrogado. A data 1 de abril en Culleredo aínda non hai orzamentos para o 2024, o que indica que o goberno municipal quere meter como unha proposta de Cohesión unha modificación presupostaria para librarse de traer o orzamento novo.

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

No pasado pleno do mes de decembro presentouse a aprobación definitiva dun modificativo e dun suplemento de crédito no que se puido aceptar a emenda do BNG para aumentar a vinculación xurídica do orzamento pero, ante o posible problema que podería conlevar para os funcionarios do Concello conseguir pagar as facturas pendentes, o Grupo municipal do Partido Popular decidiu non aceptar dita emenda, en parte confiando na palabra do Sr. alcalde de que en xaneiro traería os presupostos do ano 2024.

Hai que lembrar que a Lei reguladora das facendas locais marca que o prazo para presentar os orzamentos é o 15 de outubro, e con dous meses de retraso, e xa asumindo que non se podería comezar o ano cun orzamento, confiaron novamente en que o goberno municipal presentaría o presuposto o antes posible.

Pero chegou e pasou xaneiro e non se soubo nada do orzamento, tampouco en febreiro, tampouco en marzo, e pregunta que é o que se trae no mes de abril, respondendo que unha modificación presupostaria disfrazada de proposta de Cohesión Social que é unha ferramenta que lles falta para pasar todo o 2024 con presupostos prorrogados.

Despois chamará a asesora xurídica da Alcaldía ás asociacións e lles mentirá dicindo que tal mobiliario non se comprou porque o Partido Popular votou en contra, ou tamén mentirá o concelleiro de Festas dicindo que este ano non hai orquestras por culpa da oposición ou o concelleiro de Obras que lle di aos veciños que non pode arranxar un camiño porque o Partido Popular votou en contra.

O Partido Popular quere aclararlle aos veciños que se non están as estanterías dunha asociación, que se non hai orquestras ou hai camiños sen asfaltar é simplemente porque o alcalde de Culleredo e o seu equipo de goberno non levaron ao Pleno un orzamento, que é requisito previo para poder contratar estas cousas e poder pagalas.

O goberno municipal ten tan pouca vergonza que lle di aos veciños que as cousas non saen adiante por culpa do Partido Popular que vota en contra, lles gustaría saber que é o que o seu Grupo vota en contra canto o equipo de goberno non trae nada para votar porque non é capaz de facer nada.

Xa viron como o mes pasado o Pleno do mes de febreiro celebrouse sen un so asunto na orde do día e no que se está a celebrar simplemente traen unha corrección de erros, unha modificación orzamentaria dun presuposto prorrogado e a derogación dunhas taxas porque en 6 meses non foron quen de coñecer o custo dese servizo e prefiren derrogalo.

Queren aclararlles tamén aos veciños que se Culleredo non ten orzamentos non é porque a oposición os votase en contra senón porque o goberno municipal non fixo nin unha proposta, o alcalde non se sentou a negociar nada, alo menos co seu Grupo, engadindo que non sabe se se negociou algo co Grupo ao que o Sr. Rioboo sempre denomina como "o seu socio natural de goberno". Di que imaxina que tampouco porque o que teñen claro é que o alcalde de Culleredo non se senta a negociar con ninguén, intenta impoñer a súa idea pero non lembra que xa perdeu esa maioría absoluta e a confianza dos veciños polas súas mentiras e promesas incumpridas, pola súa inoperancia.

Di que, entrando na materia que se vén a debater no pleno, hai que ter en conta o informe do servizo de Persoal que, entre outras cousas, di:

"A vista das dimensións do persoal do Concello, resulta necesario para garantir a correcta prestación de determinados servizos municipais a realización de servizos extraordinarios, especialmente pola Policía municipal. Debe terse en conta que é posible a cobertura orzamentaria dos servizos extraordinarios debido á existencia de postos vacantes con dotación orzamentaria así como da existencia dun excedente na partida de produtividade."

10 de 70

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

En primeiro lugar, non están funcionando correctamente, por falta de persoal, todos os servizos municipais. Xa denunciaron en distintas ocasións que o Concello está paralizado e que departamentos clave como Contratación, Asesoría Xurídica, Urbanismo, Obras, presentan tal atraso nos seus expedientes que fan inviable o correcto funcionamento do Concello e dar aos veciños uns servizos de calidade tal e como se merecen. Isto non se soluciona pagando horas extras practicamente á Policía Local.

É necesario sacar as OPEs canto antes, tal e como teñen repetido en numerosas ocasións. Segundo a dimensión demográfica do Concello de Culleredo, cercana aos 31.000 habitantes, e atendendo ás recomendacións da FEMP, Culleredo debería contar con, alomenos, 46 axentes de Policía Local cando na actualidade apenas conta cun terzo e as propias estimacións do goberno municipal son pouco favorables polo paso a segunda actividade e as xubilacións previstas para este ano.

Como xa se coñece de sobra a costume do goberno municipal de fuxir cara adiante facendo o avestruz para evitar afrontar os problemas do Concello e limitarse a parchear torpemente a situación en vez de buscar unha solución satisfactoria aos mesmos, desde o Partido Popular indican unha vez máis que xa está ben, que xa sabe que non conta co Partido Popular para seguir deteriorando os servizos públicos municipais, especialmente os esenciais como son os prestados pola Policía Local.

O Concello de Culleredo non se pode permitir continuar na senda da decadencia á que lle abocou o goberno municipal e os cidadáns non teñen por que continuar aguantando o constante deterioro dos servizos públicos polos que tributan por culpa da incapacidade manifesta do Sr. alcalde para todo o que non sexa propaganda e autobombo da súa persoa en medios e redes sociais.

Segundo informes da xefatura de servizo da Policía Local, as horas extraordinarias realizadas polos axentes incrementáronse en máis dun 20% desde o ano 2021, chegando no ano 2023 a realizar un promedio de 210 horas extraordinarias por axente e ano, e chegando case a triplicar o máximo establecido polo Estatuto dos traballadores para o persoal laboral. Coa proposta cuxa aprobación pretenden por parte do Pleno, o número de horas extraordinarias incrementaráse nun 44% respecto do cómputo dos tres últimos anos, chegando a realizar en promedio máis de 280 horas extraordinarias por axente e ano, tres veces e media máis do permitido no réxime social.

Outro problema que detectou o seu Grupo é relativo ao rexistro das horas extras pois o programa que as rexistra pode ser modificado a posteriori e non hai control de ditos cambios nin ningún medio de fichaxe; pregunta como se demostra o cumprimento da xornada laboral.

Di que, en segundo lugar, respecto das horas extraordinarias, o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, no seu artigo 6, relativo a gratificacións, establece o seguinte:

“Las gratificaciones, que en ningún caso podrán ser fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo, habrán de responder a servicios extraordinarios realizados fuera de la jornada normal de trabajo.”

Non están seguros da legalidade do informe do xefe da Policía Local prevendo a realización dun número de horas que non poden ser periódicas e as están normalizando no seu uso, supoñendo unha subida de soldo encuberta.

Moi ao seu pesar, a xestión lles recorda bastante ao caso de Cambre, con importes desorbitados e lembra que se engaden 135.000 euros aos xa 22.000 consignados, pagados de forma recorrente e periódica, sen acreditación do cumprimento ordinario da

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

xornada según múltiples informes da interventora xeral para o pagamento de horas extra, etc.

Hai que lembrar que o exalcalde de Cambre foi citado para declarar como investigado por un presunto caso de prevaricación administrativa por realizar pagos con reparos suspensivos da interventora, fundamentándose en que excedían o límite legal, que non se podía comprobar o cumprimento da xornada, que os cadrantes figuraban sen sinatura, etc., e moitos deses aspectos son similares aos que reflicte continuamente nos reparos que fai a interventora de Culleredo.

En terceiro lugar, en canto á existencia dun excedente na partida de produtividade, di que claro que existe e pregunta por que existe, respondendo que existe porque non se paga, porque non se está a pagar a produtividade ao persoal municipal que, como xa reiterou noutras ocasións, fai un esforzo extraordinario pola falta de persoal nos servizos polas baixas e xubilacións que o goberno municipal non cubre.

É de destacar a inacción do goberno municipal, que non dá resposta á alegación presentada ao regulamento de produtividade, polo que non está aprobado, e é no que se escuda o goberno para non pagala.

Pregunta se o goberno municipal se está a dar conta de que, se destina a partida de produtividade para gratificacións da Policía Local, o resto do persoal do Concello volverá a estar outro ano máis sen percibir dito complemento. Pregunta se eles non teñen dereito a gratificacións e pregunta tamén por que a consigna noutros departamentos é que compensen as horas extras por tempo libre e non se pagan.

A solución é moi sinxela, hai que prever o número de xubilacións e de policía que pasaron a segunda actividade e cubrir ditos postos xa que a taxa de reposición o permite.

Por outro lado, saben que noutros concellos piden á Academia reforzos cando hai eventos tales como a celebración de festas parroquiais e aquí non se fai. Prefiren pagar horas, o que vai en detrimento do servizo e dos compañeiros, que se quedan sen produtividade.

Para rematar, no mes de maio apoiaron o pagamento das horas extras que estaban pendentes, horas extras que xa se fixeran pola Policía e por outros funcionarios e que nalgúns casos non se pagaran desde o ano 2019. O Grupo municipal do Partido Popular apoiouno porque eran horas extras que xa se fixeran e non lles parecía xusto que, por unha mala xestión do goberno municipal, traballadores se quedasen sen cobralas.

Neste caso é distinto pois se está a pedir que se apoie o pagamento de horas extras que se farán de maneira estrutural, incumprindo a legalidade para a que están destinadas as gratificacións, situacións puntuais, polo que votarán en contra da proposta agardando que o goberno municipal contrate o persoal necesario para poder desenvolver o traballo de todos os departamentos afectados e se poida ofrecer un servizo de calidade aos veciños de Culleredo.

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que en relación ao comentado sobre o informe da interventora municipal respecto do pagamento das horas extraordinarias di que na documentación posta a disposición xa consta. Diríxese ao concelleiro Sr. Méndez Mosqueira e lle di que os funcionarios se rexen polo Estatuto básico do empregado público e non polo Estatuto dos traballadores que é polo que se rexe o persoal laboral. Di que o Estatuto básico do empregado público non limita as gratificacións, as chamadas horas extraordinarias e, pese a que o convenio e o acordo negociado no seu momento si as

12 de 70

Código do documento	Código do expediente
USG181045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

limitaron, hai un artigo que se resolveu na Comisión paritaria que di que é de aplicación a condición máis vantaxosa, sendo a interpretación que se fixo que, se a Lei non limita as gratificacións dos funcionarios e o convenio si as limita, a condición máis vantaxosa era que non se limitaran polo que dito punto está totalmente regulado e o acordo da Comisión paritaria publícase e ten a mesma validez que un convenio ou un acordo negociado. Tendo isto en conta o límite das 80 horas é aplicable ao persoal laboral, e respétase en todos os casos, pero non ao persoal funcionario. Di que si se cumpren os descansos dos traballadores entre xornadas. No anexo aparece un número total de horas que, pola casuística de como foi evolucionando todo, non se vai cumprindo porque é imposible ao contar cos efectivos cos que se conta. Chámalle a atención e considera ser moi pouco coherente falar da plantilla da policía local e dos procedementos e da OPE que se publicou cando eses policías poderían estar en Culleredo se non fora por todas as trabas que puxo o BNG de Culleredo e engade que hai que explicarlle aos cidadáns o que hai e as alegacións que presentaron algúns aspirantes a instancias do BNG e unha revisión de oficio.

Neste momento prodúcese unha interrupción na intervención da Sra. Figueroa Fuentes por un altercado; a Sra. Pérez Mosquera di que desde o público se lle chamou "gilipollas" ao voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo. O Sr. alcalde di que el non escoitou nada e lle pregunta á Sra. Pérez Mosquera se sabe de que lado está indicándolle que non se debe dirixir ao público. A Sra. Pérez Mosquera di que se o público lle chamara "gilipollas" ao Sr. alcalde ela estaría ao seu carón porque é o alcalde de Culleredo e non consentiría que ningún veciño lle chamara "gilipollas" no Pleno porque está a exercer de alcalde. Di que ao voceiro do BNG lle acaban de chamar "gilipollas" e que o escoitou todo o mundo. O Sr. alcalde di que el non o escoitou. A Sra. Pérez Mosquera e o Sr. Méndez Mosqueira lle piden ao Sr. alcalde que o pregunte e o Sr. alcalde responde que non vai facer nese momento unha consulta popular. O Sr. Méndez Mosqueira lle di ao Sr. alcalde que así é como el dirixe os Plenos de Culleredo e que a persoa que proferiu o insulto é un cargo do PSOE, algo que tamén comenta a Sra. Pérez Mosquera, afirmando que o Secretario de Organización do Partido dos Socialistas de Culleredo lle vén de chamar "gilipollas" ao voceiro do BNG de Culleredo e lle pide que se retracte e que pida desculpas. O Sr. alcalde di que a Corporación non se ten que dirixir ao público e o Sr. Méndez Mosqueira lle contesta que así é como el dirixe os plenos, dependendo de quen se dirixa e como; intervén a Sra. García Gorostizu, voceira do Partido Popular, e di que así é como o Sr. alcalde dirixe o Concello, sen dirixirse ao público, sen saber dos seus problemas, sen falar cos veciños e sen reunirse con eles. O Sr. Méndez Mosqueira di que o Sr. alcalde goberna de forma totalmente arbitraria e dependendo de a quen se lle chame "gilipollas" se consinte ou non se consinte. Piden que se lle ceda a palabra ao Secretario de Organización do PSOE para que se retracte e o Sr. alcalde di que hai unha norma escrita de non dirixirse ao público e que todos saben cal é o funcionamento establecido polo Regulamento. A Sra. Pérez Mosquera di que eles non se dirixiron ao público senón que foi o público o que se dirixiu ao voceiro do BNG chamándolle "gilipollas" e que ela non mentiría na súa acción pública de estar nun pleno e escoitalle "gilipollas" ao Secretario de Organización do Partido dos Socialistas de Culleredo. O Sr. Méndez Mosqueira di que se o Sr. alcalde non bota nese mesmo momento a esa persoa da Sala ou se non lle pide que se retracte é cómplice do mesmo insulto. O Sr.

13 de 70

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

alcalde di que el non se vai dirixir a ningún do público e o Sr. Méndez Mosqueira lle di que o fai constantemente e que na súa acción e na dirección do Pleno é totalmente arbitrario ao igual que en todo no Concello e que se alguén na Sala chamara “gilipollas” ao alcalde ou a calquera membro do grupo de goberno esa persoa estaría fora do Pleno non só porque o dixera o alcalde senón porque toda a Corporación o acompañaría nesa decisión; pero como é o Secretario de Organización do PSOE de Culleredo o que chama “gilipollas” ao voceiro do BNG non pasa nada, sendo así como o alcalde dirixe os plenos e como dirixe o Concello, de forma totalmente arbitraria. Intervén a persoa do público que emitiu o insulto e di que non foi coa intención de dirixirse ao voceiro do BNG e que lle saiu así, sen máis. A Sra. Pérez Mosquera indica que dita persoa vén de admitir que si proferiu o referido insulto. O Sr. alcalde di que el non o escoitou. O Sr. Méndez Mosqueira di que lle dan as grazas aos concelleiros do Partido Popular que admiten que o escoitaron igual que eles.

Retoma a súa intervención a Sra. Figueroa Fuentes e di que o Sr. Méndez Mosqueira riase cando ela comentou que se se sacaba un histórico das OPEs do 2019, 2020 e 2021 e se vían todos os informes poderíanse ver todos os atrancos que houbo. A revisión de oficio aprobouse no Pleno cos votos da oposición, incluídos os dos membros do BNG, e se votou a petición deste Grupo polo que si é certo que se poderían ter os efectivos dos que falou se se resolvera o procedemento sen atrancos porque os informes sobre as alegacións eran clarísimos e o que houbo foi un defecto de forma por un malentendido entre a Asesoría Xurídica e a Alcaldía que se intentou subsanar no Pleno; era un defecto de forma, non de fondo, algo moi distinto, pedindo que non se terxiverse e non se trate de enganar e converter o que non é no que é; o BNG é cómplice de que agora mesmo os catro aspirantes aprobados estean nun limbo agardando para acceder a unhas prazas que aprobaron con moito esforzo; o BNG só se preocupou dos aspirantes que non aprobaron; ningún dos partidos da oposición se reuniu cos aspirantes aprobados para ver que sinten, que pasa Pide que se aplique a oposición o que dixu sobre que no pleno non se responde igual dependendo de con quen se trate porque eles tampouco falon con ningún dos aspirantes aprobados. Di que é verdade que se están facendo moitas horas extras porque non hai policía dado que a taxa de reposición os limitou moito. O Consello Consultivo reuniuse onte e aprazou outros quince días máis o expediente polo que a Policía ten que agardar outro tempo máis e seguir en precario e fan horas extras voluntariamente porque a cidadanía ten que ter o servizo. Aprobar esta proposta é urxente e non é para non presentar o orzamento como se apuntou. As OPEs se están a executar cronoloxicamente e pasouse un listado ao PP e a Alternativa, que foron os grupos que o solicitaron, do punto de execución de cada OPE.

As voceiras dos grupos municipais do PP e Alternativa dos Veciños din que non recibiron dito listado.

A Sra. Figueroa Fuentes di que o vai consultar porque si se redactou e se enviou desde Persoal e que nel está a execución de todas as OPEs. A taxa de reposición foi un escollo e a partir do ano 2025 poderá mellorar e a falta de persoal non é culpa do equipo de goberno e pasa en todos os concellos desde que se creou a famosa taxa de reposición da Lei Montoro. Pasa en todas as plantillas da Policía Local, non sendo exclusivo de Culleredo. O

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

caso non é comparable ao do Concello de Cambre e parécelle un pouco forte que se puxera en entredito o informe do xefe da Policía Local. A interventora di que o importe necesario sairá das prazas vacantes que non hai previsión de cubrir e dunha parte da produtividade, o que non implica que vaian estar un ano máis sen cobrar porque non se está a falar da totalidade senón dunha pequena parte. Apela á cordura dos grupos da oposición porque o tema que se presenta neste punto afecta a todos os traballadores e a todas as áreas e eles son os menos responsables da situación.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que independentemente de que o orzamento non está aprobado aínda que si o estivera é un documento aberto suxeito a modificacións, a incorporacións de crédito, ao incremento de partidas que puideran estar en precario e así, noutras administracións nas que o orzamento si está aprobado, cada certo tempo se presentan modificacións orzamentarias que son aprobadas por unanimidade por todos os grupos porque como ben indicaba a concelleira delegada de Persoal teñen que ver con sensibilidades das persoas e dos traballadores que en moitas ocasións teñen que facer un sobre esforzo que se ten que ver recompensado. De todas formas se a proposta que se presenta non resultara aprobada haberá que estudar calquera outro marco xurídico que permita continuar co funcionamento do Concello.

Deseguido solicita novamente o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que tras a intervención da concelleira delegada de Persoal queren reiterar a solicitud de informe do que falou na súa primeira intervención porque considera que son cousas diferentes das que se están a falar pois os membros do seu Grupo no seu día solicitaron en debida forma un informe respecto das partidas do ano 2023 nas que se realizara un gasto excesivo e para as que se solicitaba a aprobación das gratificacións; querían saber se nese momento xa se superaba o límite establecido ou non. A interventora nese momento informou verbalmente que non se superaba o límite establecido e o seu Grupo solicitou o informe por escrito porque querían contar coa argumentación necesaria que sustentara dito informe. Di que o equipo de goberno, en palabras do Sr. alcalde, dixo que el tamén quería dispoñer de dito informe por escrito para maior seguridade xurídica polo que non entenden que agora non se queira facilitar e reiteran a súa petición

A continuación solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, di que ao igual que a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños queren solicitar que o cálculo que se fixo para o 2024 se fixera para o exercicio 2023. Di que foron ben claros e que falan o mesmo idioma e, pese a telo solicitado, no expediente non viron nada. O Sr. alcalde dixo que trasladou aos grupos municipais do Partido Popular e Alternativa dos Veciños a súa solicitud do grao de execución das OPEs pero os membros de ditos grupos políticos din que non o recibiron. Os membros do grupo municipal do BNG non o solicitaron pero o teñen feito porque o fixeron eles con datas de publicación das convocatorias, das bases, das resolucións de nomeamentos porque fan o seu traballo ás veces incluso sen ter que acudir aos membros do grupo de goberno que ás veces dan acceso á documentación que se solicita e outras veces non e ofrece dito traballo aos restantes membros da oposición. Falou a concelleira de Persoal de que o

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

acordo da Mesa paritaria para interpretar o acordo do persoal funcionario está publicado e pide que lle diga onde e pídelle tamén que lle aclare entón por que o Sr. alcalde na súa resolución que pediron onte minte ou oculta información porque solicitaron todos os acordos que afectasen a ese límite máximo de 80 horas e o que di o Sr. alcalde na súa resolución é que non hai máis que o acordo e o acordo di un máximo de 80 horas extraordinarias ao ano; lle pide á Sra. Figueroa Fuentes que diga onde está publicado o acordo do que ela falou e por que o Sr. alcalde non lles dá acceso a ese acordo que supostamente está publicado.

A Sra. Figueroa Fuentes dixo tamén que o BNG pon obstáculos para que non haxa axilidade suficiente na selección de persoal da Policía. Dixo que o Concello ía ter aos policías traballando xa a finais do 2022 e, sen ningunha intervención do BNG, só co traballo da Sra. Figueroa, as probas para ese proceso remataron en abril de 2023, cando dicía a Sra. Figueroa que ela, coa súa xestión, ía ter os policías traballando en decembro de 2022. As probas de selección remataron en abril de 2023. A concelleira de Persoal di que o BNG presentou a solicitude de revisión de oficio. Ela despreza aos cidadáns que exercen os seus dereitos porque lle molesta que os cidadáns exerzan os seus dereitos, estean no posto que estean na súa lista do proceso selectivo, todos, desde o primeiro ao último, poden exercer os seus dereitos pero á concelleira lle proe que se exerzan ditos dereitos. O BNG pon a disposición de calquera veciño que queira exercer os seus dereitos todo o seu traballo ao seu carón pero á Sra. Marta Figueroa lle molesta que a xente exerza os seus dereitos, que presente escritos porque lle dá traballo. O BNG lle recomenda a todos que exerzan os seus dereitos e o van seguir facendo. Respecto da revisión de oficio, algo no que tampouco tivo nada que ver o BNG, no Pleno no que se aprobou dicíase, negro sobre branco, que a orde do procedemento era facer o trámite de audiencia antes de solicitar o informe do Consello Consultivo e o goberno municipal fíxoo ao revés, tendo que ser o Consello Consultivo o que reclame o trámite de audiencia antes de devolver o expediente ao Consello Consultivo. É o goberno municipal e non o BNG o que fai as cousas ao revés e novamente atrasa e atrasa a selección de persoal. Pídelle á Sra. Figueroa que admita a súa responsabilidade porque a Corporación municipal reprobou a súa actividade como concelleira de Persoal e nunca admitiu o máis mínimo cargo de responsabilidade. O Sr. alcalde decidiu apoiar 100% a xestión da Sra. Figueroa e ir da man e acusan á oposición de falta de cordura se non apoian a proposta e que, neste caso, haberá que buscar solucións alternativas. A oposición di ben claro cal é a solución alternativa, presentar o orzamento.

Seguidamente solicita novamente o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que quere defenderse das acusacións recibidas respecto de que é culpa da oposición que os traballadores referidos estean no limbo e di que entre as resolucións presentadas no pleno hai unha na que se ve que o goberno municipal tardou catro meses desde a adopción do acordo plenario ata remitilo ao Consello Consultivo, enviándoa mal e sen seguir o procedemento polo que aínda están agardando polo informe do Consello Consultivo. Respecto dos expedientes de Cambre, os membros do Partido Popular os teñen, leron os documentos e ven similitudes con respecto ao que está a pasar en Culleredo. Ven dúbidas no programa do que dispón a Policía Local á hora de rexistrar a xornada laboral porque viron que se pode modificar a posteriori sen que quede rexistrado o cambio polo que eles solicitaron se

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

asegure que quede rexistrado un control de cambios porque lles parece importante. Respecto do dito polo alcalde de que noutras administracións tamén se fan modificacións orzamentarias lle lembra que noutras administracións están aprobados os orzamentos en tempo e forma.

A continuación solicita de novo o uso da palabra a concelleira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que simplemente quere repetir o que xa dixo antes, que os policíaos podían estar traballando ou en camiño de facelo proximamente se non foran todas as trabas que este expediente supón e insiste en que a revisión de oficio que solicitou o BNG apoiado por toda a oposición foi un tema de forma e non de fondo. Di que se mencionou que a ela lle molestan os cidadáns e quere deixar claro que non lle molestan para nada e que a ningún membro do equipo de goberno lle molesta que a xente exerza os seus dereitos pero o que non son é partidistas dependendo de para que e di que o goberno municipal analizou ambas partes, a dos alegantes e a dos que aprobaron.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, con oito (8) votos a favor, os dos representantes presentes do grupo municipal do PSdG-PSOE, once (11) votos en contra, os dos representantes dos grupos municipais Partido Popular (7) e Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4), e dúas (2) abstencións, as dos representantes do grupo municipal Alternativa dos Veciños; o Pleno municipal ACORDA rechazar a proposta presentada.

C.I.F. P-1503100-H

3.- PROPOSTA RELATIVA Á DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 13, REGULADORA DA TAXA POR DEREITOS DE EXAME.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Sra. Concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Urbanismo, de data 1 de marzo de 2024, con código de documento URE18I002G, sometida a ditame da Comisión Informativa Permanente de Presidencia de data 21/03/2024, que se transcribe no seu literal:

«PROPOSTA

Na sesión plenaria celebrada o 12/12/2023 aprobouse incoar expediente para a modificación da Ordenanza Fiscal nº13 sobre as Taxas de Dereito de Exame de Probas Selectivas, ao considerar que o seu importe é moi elevado respecto dos establecidos polos municipios da contorna.

O apartado 2 do artigo 24 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais establece que o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida. E no artigo 25, establécese que os acordos de modificación do importe

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

das taxas para o financiamento de servizos deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto a previsible cobertura do seu custe, que haberá de incorporarse ao expediente para a adopción do correspondente acordo.

Por tanto, considerando as distorsións que poderían causar nas convocatorias de probas selectivas de acceso ou de promoción aos Corpos e Escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral que puidese convocar este Concello antes de finalizar o devandito estudo, estímase conveniente derrogar a referida Ordenanza e, cando de finalice o expediente incoado para a modificación da súas cuantías, aprobar unha nova ordenanza fiscal reguladora da taxa.

En base a todo o cal e vistos os informes emitidos polo servizo de economía e facenda (código de documento URE18I002I) e pola secretaría xeral (código de documento USG18I01W2), propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Derrogar a ordenanza fiscal número 13, reguladora da taxa por dereitos de exame.

2º.- Expor o acordo no taboleiro de anuncios de este Concello por un prazo de 30 días hábiles e publicar anuncio da exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Finalizado o período de exposición pública, haberá de adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobando a derogación definitiva da ordenanza a que se refira o acordo provisional. No suposto de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.»

A concelleira delegada de Economía, Facenda e Urbanismo fai unha presentación da proposta presentada.

A Presidencia abre a quenda para o **DEBATE**.

Solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo vai apoiar a moción porque é a forma de defender a proposta que no seu día presentou o grupo municipal do BNG pero pregunta por que a derogación que se propón agora non se fixo no momento en que se aprobou dita proposta, no mes de setembro do 2023, hai xa sete meses, e engade que comenta isto porque lle preocupa o tempo que poida tardar a aprobación dunha nova ordenanza que dea saída ao que aprobaron todos por unanimidade no mes de setembro de 2023. Pregunta por que se trae a proposta que se presenta neste punto sete meses despois de aprobarse a modificación da ordenanza e se se prevé o tempo que vai levar a tramitación do expediente para finalmente aprobar a modificación proposta.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

a moción que se presenta neste punto vén derivada dunha moción presentada polo seu Grupo hai máis de seis meses para revisar a ordenanza fiscal que recolle as taxas por dereitos de exame en probas selectivas do Concello de Culleredo. Como xa sinalaron hai máis de seis meses, era necesaria a revisión da ordenanza para garantir un acceso igualitario á Función pública no Concello de Culleredo xa que o elevado destes importes supón unha disuasión para as persoas que, querendo presentarse a convocatorias despois de grandes esforzos de tempo, estudo, e mesmo de cartos gastados en academias, non o fan por motivos exclusivamente económicos, supoñendo tamén que ás convocatorias do Concello de Culleredo se ausenten persoas que poden ter un gran talento e preparación, o que iría en contra dos propios intereses municipais para contar co persoal máis preparado. A intención da proposta do BNG referida, e que foi aprobada por unanimidade no Pleno, era a revisión da ordenanza fiscal, non necesariamente a súa derogación, e pensan que os meses transcorridos desde a aprobación da moción deberan ser máis que suficientes nunha administración liderada por responsables políticos competentes. O Concello de Culleredo, para ter presentado hoxe unha proposta de revisión das taxas bastaba unha breve comparativa dos importes cos que se está a traballar na contorna e o goberno municipal trae a derogación da ordenanza fiscal porque non son quen de traer unha proposta para a súa revisión e lles é máis doado darlle ao botón de borrar que poñerse a traballar para traer a acordada revisión. Malia iso, o BNG valora que, namentres non se presente unha revisión da ordenanza fiscal, a súa derogación cumprirá en maior medida o cumprimento dos obxectivos de libre concorrència e igualdade no acceso aos procesos de selección polo que apoiarán a proposta, agardando que coa maior celeridade o goberno municipal faga o seu traballo e presente unha nova proposta para a aprobación da ordenanza fiscal referida. Desde o BNG de Culleredo seguirán a traballar para acadar un reparto máis xusto da carga impositiva e que cada veciña e cada veciño do Concello de Culleredo pague os impostos para financiar os recursos públicos de forma máis xusta e máis solidaria.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que cada vez que o alcalde pretende darlles no pleno unha clase maxistral son máis conscientes de que a clase maxistral é para ver como non se deben facer as cousas. O que se vai aprobar é un tema menor, a modificación dunha ordenanza, e ven que desde a aprobación da modificación no pleno do mes de setembro, hai máis de seis meses, non foron quen de poñer un prezo xusto a dita taxa, o que indica que non son quen de xestionar nin unha simple taxa. Pregunta que lle agarda a Culleredo cando se teña que aprobar un tema maior ou máis complexo.

Tanto a Lei de facendas locais como a Lei de taxas e prezos públicos dispoñen que o importe exixido en concepto de taxas pola prestación dun servizo ou a realización dunha actividade non poderá exceder do custo real ou previsible do servizo ou actividade correspondente ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida, sendo necesaria a determinación do custo a través dunha memoria económico-financieira, ou estudo técnico económico, contemplando os custes directos e indirectos, reais ou previsibles, da prestación do servizo correspondente, aspecto que pode presentar determinadas dificultades nalgún caso pero non no presente, cuxa determinación é sumamente sinxela tendo en conta a previsión do custo do persoal, a repercusión de custos xerais e a amortización do inmovible no que se levará a cabo a prestación do servizo.

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

É necesario ter en conta tamén que a propia Lei de bases do réxime local impón no seu artigo 116.ter a obriga do cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polo Concello, así como da comunicación dos mesmos ao Ministerio de Facenda, razón pola cal se lles amosa aínda máis patente a incompetencia do goberno municipal para sacar adiante ese sinxelo trámite.

A pesar da lamentable traxectoria do Concello de Culleredo, o alcalde non deixa de sorprendellos pola indolencia e ineptitude da que fai gala cada vez que se trata de poñerse a traballar na xestión municipal.

Centrándose na proposta, di que a pesar dos antecedentes do goberno municipal, o Partido Popular non pode entender un atraso de máis de seis meses en finalizar un estudo técnico-económico relativamente sinxelo. O prezo da súa ineptitude o pagaron ata o momento todos os prexudicados por unhas taxas desproporcionadas en relación ao resto dos concellos da área e pretenden agora prexudicar a todos os veciños de Culleredo posto que os custos dos servizos do exame serán asumidos integramente polas arcas públicas, cos seus impostos.

O Grupo municipal do Partido Popular prefire facilitarlle o acceso aos exames ao maior número de aspirantes pero tampouco están de acordo coa xestión que seguiron deixando pasar máis de 6 meses e non son quen de estipular un custo da taxa polo que se absterán nesa votación.

C.I.F. P-1503100-H

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, con catorce (14) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (8), Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Alternativa dos Veciños (2), e sete (7) abstencións, as dos representantes do grupo municipal do Partido Popular (maioría absoluta); o Pleno municipal ACORDA:

1º.- Derrogar a ordenanza fiscal número 13, reguladora da taxa por dereitos de exame.

2º.- Expor o acordo no taboleiro de anuncios de este Concello por un prazo de 30 días hábiles e publicar anuncio da exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Finalizado o período de exposición pública, haberá de adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobando a derogación definitiva da ordenanza a que se refira o acordo provisional. No suposto de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

4.- PROPOSTA RELATIVA Á CORRECCIÓN DE ERROS NA PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 1/2024.

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 19 de marzo de 2024, con código de documento UCP18I004X, sometida a ditame da Comisión Informativa Permanente de Presidencia de data 21/03/2024, que se transcribe no seu literal:

«PROPOSTA

Corrección de erros na proposta de participación no POS+ADICIONAL 1/2024

Advertido un erro material no acordo de participación no POS+ADICIONAL 1/2024 aprobado en sesión plenaria celebrada o 31.01.2024.

Visto o informe UCP18I004Y emitido polo xefe de servizo de economía de facenda e considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:**

Corrixir o erro detectado e no punto 1 da parte dispositiva, onde di:

«1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

C.I.F. P-1503100-H

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024 <i>Dato notificado que figura no seu expediente</i>				148.569,39		
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS PRIVADOS OU	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN IMPORTE A IMPUTAR POS+ADICIONAL 2024	DO AO	OUTROS RECURSOS PROPIOS CONCELLO
GASTO CORRENTE	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)		(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.	141.569,39 €	0,00 €	141.569,39 €	141.569,39 €		0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe podería destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €

Código do documento USG18I045N	Código do expediente USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	7.000,00 €	0,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €	0,00 €
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES <i>Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación</i>	148.569,39 €	0,00 €	148.569,39 €	148.569,39 €	0,00 €

C.I.F. P-1503100-H

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS PRIVADOS OU	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO POS+ADICIONAL 2023	AO	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)		(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO POS+ADICIONAL 2024	AO	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	148.569,39 €	0,00 €	148.569,39 €	148.569,39 €		0,00 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	148.569,39 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	148.569,39 €

»

Debe dicir):

« 1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2024" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se cofecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial

Código do documento	Código do expediente
USG181045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024					148.569,39	
<i>Dato notificado que figura no seu expediente</i>						
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS PRIVADOS OU	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN IMPORTE A POS+ADICIONAL 2024	DO AO	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)		(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.	141.569,39 €	0,00 €	141.569,39 €	141.569,39 €		0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	7.000,00 €	0,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €		0,00 €
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES <i>Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación</i>	148.569,39 €	0,00 €	148.569,39 €	148.569,39 €		0,00 €

C.I.F. P-1503100-H

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS PRIVADOS OU	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	DO AO	IMPORTE IMPUTADO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
---	---------------------	--	---	-------	-------------------------------------	-------------------------------------

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	148.569,39 €	0,00 €	148.569,39 €	148.569,39 €	0,00 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	148.569,39 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	148.569,39 €

»

A voceira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes, fai unha presentación da proposta presentada.

A Presidencia abre a quenda para o **DEBATE**.

Solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo vai votar a favor da corrección de erros pero quere facer un inciso porque, revisando os informes enviados pola Deputación ao Concello en relación ás obras do POS deste ano, ven que en todos os proxectos presentados requírense correccións. Pregúntalle ao concelleiro delegado de Obras que é o que pasa porque tiveron que aprobar os proxectos presentados polo goberno municipal porque eran os que tiñan máis avanzados e os que cumprían cos requisitos requiridos para o POS, segundo palabras do concelleiro, e as propostas presentadas pola oposición non se tiveron en conta porque parece ser que non daba tempo a preparalas para esta convocatoria e agora ven que todos os proxectos teñen que ser corrixidos. Pregunta se ao concelleiro delegado de Obras de Culleredo non lle dá vergoña. Enumera diversas obras e refire o que a Deputación require de cada unha engadindo que en todas as obras se requiren correccións, incluso retirar o logotipo de Edusi no proxecto dalgunha delas.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que na Deputación se segue sempre o criterio da propia Administración e normalmente sempre se require algo, ben porque falte algún documento ou ben porque desde a Deputación se fai unha interpretación do proxecto e se solicita aclaración que moitas veces xa se subsana cunha simple explicación, e por iso documentos que se foran licitados polo Concello de Culleredo pasarían o filtro na revisión da Deputación, por cuestións puntuais, non o fan.

24 de 70

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

A Sra. García Gorostizu di que agarda que ese non sexa un motivo de atraso para sacar a licitación as obras.

O Sr. Alcalde indica que cando se presenta unha obra ao POS, xa se conta co período do que dispón a Deputación para revisar os proxectos.

A Sra. García Gorostizu di que é competencia dos técnicos municipais que revisen os proxectos e do concelleiro delegado de Obras que presente na Deputación os proxectos xa revisados.

O Sr. Alcalde di que os que revisan os proxectos son os técnicos, arquitectos, enxeñeiros ou outros, e a parte política simplemente lles dá o visto e praxe.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, por unanimidade dos Sres/as concelleiros e concelleiras (21), o Pleno municipal ACORDA:

Corrixir o erro detectado e no punto 1 da parte dispositiva, onde di:

«1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se cofecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

C.I.F. P-1503100-H

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024 <i>Dato notificado que figura no seu expediente</i>				148.569,39	
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024 (A)	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS PRIVADOS OU (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	PREVISIÓN IMPORTE A IMPUTAR POS+ADICIONAL 2024 (D)	DO OUTROS RECURSOS PROPIOS CONCELLO AO (E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.	141.569,39 €	0,00 €	141.569,39 €	141.569,39 €	0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

C.I.F. P-1503100-H

c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	7.000,00 €	0,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €	0,00 €
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES <i>Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación</i>	148.569,39 €	0,00 €	148.569,39 €	148.569,39 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO POS+ADICIONAL 2023	AO	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)		
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO POS+ADICIONAL 2024	AO	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	148.569,39 €	0,00 €	148.569,39 €	148.569,39 €	148.569,39 €		0,00 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	148.569,39 €
--	---------------------

Código do documento	Código do expediente
USG181045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	148.569,39 €

»

Debe dicir):

« 1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2024" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

C.I.F. P-1503100-H

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024 <i>Dato notificado que figura no seu expediente</i>					148.569,39	
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS PRIVADOS OU	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR CONCELLO	PREVISIÓN IMPORTE A IMPUTAR POS+ADICIONAL 2024	DO AO	OUTROS RECURSOS PROPIOS CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)		(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.	141.569,39 €	0,00 €	141.569,39 €	141.569,39 €		0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	7.000,00 €	0,00 €	7.000,00 €	7.000,00 €		0,00 €
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €

Código do documento USG18I045N	Código do expediente USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES <i>Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación</i>	148.569,39 €	0,00 €	148.569,39 €	148.569,39 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS PRIVADOS OU	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO POS+ADICIONAL 2023	AO	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)		(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		0,00 €

C.I.F. P-1503100-H

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO POS+ADICIONAL 2024	AO	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	148.569,39 €	0,00 €	148.569,39 €	148.569,39 €		0,00 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	148.569,39 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	148.569,39 €

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DE PREZOS PÚBLICOS POR ENSINANZAS E ACTIVIDADES EDUCATIVAS, CULTURAI, DEPORTIVAS E XUVENÍS. (REXISTRO DE ENTRADA 2024/3124 DE DATA 15/03/2024).

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo con rexistro de entrada n.º 2024/3124 de 15 de marzo de 2024, sobre modificación da ordenanza fiscal e prezos públicos por ensinanzas e actividades educativas, culturais, deportivas e xuvenís, á que dá lectura o concelleiro do BNG, don Gonzalo Méndez Mosqueira:

«Gonzalo Méndez Mosqueira, na súa cualidade de Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa

28 de 70

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DE PREZOS PÚBLICOS POR ENSINANZAS E ACTIVIDADES EDUCATIVAS, CULTURAIS, DEPORTIVAS E XUVENÍS

baixo a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Culleredo conta cun Conservatorio Profesional de Música de titularidade municipal que desde a súa creación, hai máis de 30 anos, vén desenvolvendo unha acción formativa fundamental para a veciñanza cullerdense, tanto para crianzas como para persoas adultas. Acreditamos no valor imenso da universalización da educación artística como ferramenta para o desenvolvemento dunha sociedade mellor; non só mellor formada, mais tamén máis xusta e igualitaria, máis feliz, máis rica, tanto no económico como no social. Malia todo, a educación musical, e a formación artística en xeral, seguen a ter un carácter complementario nos continuos desenvolvementos legislativos do dereito á educación no estado español. A pesar dos múltiples acordos internacionais como a Axenda de Seúl da UNESCO para o desenvolvemento da Educación Artística ou a Declaración de Bonn para o acceso universal e igualitario á educación musical en Europa, o certo é que o goberno do Estado segue a incumprir os seus compromisos como, por exemplo, o retraso na aprobación da nova lei de ensinanzas artísticas.

C.I.F. P-1503100-H

Esta mesma desafección é a que demostra o goberno do PP na Xunta de Galiza que, incapaz de asumir novas competencias, desatende as que lle son propias, como é no caso que nos atende, a recollida no artigo 31 do noso Estatuto de Autonomía: “É da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, [...]” Dentro da súa “competencia plena”, o Partido Popular considera que só a veciñanza das 7 cidades galegas é merecedora de contar cunha educación musical que vaia máis alá da formación obrigatoria. Cómpre recoñecer a labor daquelas entidades locais que, asumindo unha competencia que lles é allea, achegan a educación musical a outras comarcas e concellos do noso país.

O compromiso do BNG na defensa do acceso á cultura, que cristalizará proximamente na presentación no parlamento galego dunha proposición de Lei de Dereitos Culturais de Galiza, acredita na educación artística como un dereito fundamental da cidadanía e, polo tanto, defende un acceso libre e igualitario á formación artística regrada. En consecuencia, en tanto a Xunta de Galiza non asuma as súas propias competencias nesta materia, o que se debería traducir na transferencia da titularidade de centros como o Conservatorio Profesional de Música de Culleredo ou a asunción da súa sostibilidade financeira, consideramos que as entidades locais, como é o caso de Culleredo, son responsábeis

29 de 70

subsidiarias de garantir que os seus servizos de formación artística se ofertan cun acceso en condicións de igualdade para toda a cidadanía.

A ordenanza fiscal pola que se regula o “Prezo público por ensinanzas e actividades educativas, culturais, deportivas e xuvenís” no Concello de Culleredo data dunha última revisión en xuño de 2016. Unha rápida comparativa con outros concellos que contan con Conservatorios Profesionais de Música de titularidade municipal na provincia da Coruña, como poden ser Betanzos, As Pontes, Noia, Melide, Arzúa, ou concellos con poboacións máis próximas á de Culleredo, como Ribeira ou Carballo, observamos unha forte desviación á alza do custo por alumna e curso no caso de Culleredo:

- O custo medio por curso e alumna no resto de centros é duns 315 euros, mentres que en Culleredo é de 810 euros, no caso de cursos no grao elemental.
- No caso dos cursos de grao profesional o custo medio en Culleredo ascende aos 955 euros, mentres a media no resto de concellos fluctúa entre os 516 e os 688 euros dependendo do curso.¹

Queda en evidencia que o esforzo para que unha familia poida permitir que unha das súas crianzas se matricule no conservatorio é, en moitos casos, inasumíbel. A necesidade de revisar os prezos públicos que afectan ao conservatorio é urxente e inaprazábel. A propia Asociación de Nais e Pais de Alumnas do centro tennos trasladado esta mesma preocupación, sinalando que non se debe permitir facer dun centro público un centro para as elites ao que só teñan acceso as familias máis privilexiadas. Namentres a Xunta de Galiza non asuma as súas responsabilidades, o Concello de Culleredo debe asegurar que o seu investimento anual no Conservatorio Profesional de Música é destinado a servizos cun acceso o máis igualitario posíbel.

Cómpre tamén destacar nesta proposta a necesidade de revisar as bonificacións que se aplican a estes prezos públicos, non só aos do Conservatorio se non aos de tódalas actividades educativas, culturais, deportivas e xuvenís do concello, en base a criterios sociais. Nunha breve análise pódense observar varias eivas neste sentido: o Concello de Culleredo só aplica bonificacións a familias numerosas ou baseadas na Renda per cápita da unidade familiar. Sen embargo, os límites para acceder a esta segunda modalidade de bonificación son tan inalcanzabeis que non son efectivos a día de hoxe para asegurar o acceso a este tipo de actividades:

- En Culleredo, unha familia monomarental cunha ou dúas crianzas co único ingreso dun salario mínimo interprofesional non tería dereito a ningunha bonificación, mentres noutros concellos terían bonificadas a matrícula e mensualidades do conservatorio entre un 70% e un 100%.
- Unha familia con dous proxenitores e 2 crianzas que teñan como ingreso único un salario mínimo interprofesional tería unha bonificación do 40% só

¹ Achegamos táboas cos datos desta comparativa como anexo.

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

nas mensualidades, mentres que noutros concellos terían garantida a gratuidade dos estudos das súas crianzas no conservatorio.

Cómpre sinalar ademais que o Concello de Culleredo non está dando a coñecer a posibilidade destas bonificacións ás persoas interesadas en matricularse no Conservatorio, nin tampouco ás familias que renovan as súas matrículas.

É preciso e urxente actualizar as contías e as modalidades de bonificación nestes prezos públicos para engadir novas posibilidades que xa son asumidas por outras moitas administracións: a bonificación a unidades familiares monomarentais, a participación de varios membros dunha mesma unidade familiar, a perceptores/as da RISGA e outras axudas e pensións non contributivas, a participación de persoas con discapacidade, as vítimas de violencia de xénero, ou o recoñecemento das matrículas de honra, entre outras.

As propostas recollidas nesta moción foron trasladadas e traballadas en conxunto coa Asociación de Nais e Pais do alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Culleredo. É por iso e por todo o exposto que propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e, se procede, aprobación os seguintes

ACORDOS

1. Incoar expediente para a modificación da Ordenanza Fiscal sobre prezos públicos por ensinanzas e actividades educativas, culturais, deportivas e xuvenís.
2. Contar na revisión de dita Ordenanza coa participación dos colectivos afectados pola mesma a través dos órganos recollidos no Regulamento de Participación Cidadá e, nomeadamente, coa Asociación de Nais e Pais do CMUS de Culleredo.
3. Tramitar a aprobación definitiva dunha nova Ordenanza Fiscal sobre prezos públicos por ensinanzas e actividades educativas, culturais, deportivas e xuvenís, con antelación previa suficiente á apertura do periodo de matrícula en actividades para o curso 2024/25.
4. Informar en tódolos documentos de matrícula para ensinanzas e actividades educativas, culturais, deportivas e xuvenís organizadas polo Concello de Culleredo, das posibeis bonificacións ás que poidan optar as persoas inscritas e as súas familias. »

A Presidencia abre a quenda para o **DEBATE**:

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Partido Popular, Sr. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo presentou tamén unha moción similar derivada das propostas feitas pola APA e pregunta se se pode ler conxuntamente.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que se poden votar por separado e debatelas en conxunto ou facer todo independentemente, como desexe o BNG

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

O concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Méndez Mosqueira, di que o BNG fixo a súa exposición de motivos, coa que non sabe se os membros do Partido Popular estarían de acordo ou non; se o estiveran, o BNG non ten ningún problema en facer dos acordos unha única moción pero a súa exposición de motivos lles parece relevante e importante.

O Sr. Alcalde di que el creu entender que se trata de debater neste punto as dúas mocións e votalas individualmente.

A Sra. García Gorostizu di que a proposta do seu Grupo era ler eles tamén a súa moción, debater en conxunto porque ela cre que van dicir máis ou menos o mesmo e despois presentar unha única moción unindo os acordos e presentándoo como moción conxunta.

O Sr. Alcalde-presidente di que para presentar unha moción conxunta habería que emendar e votar as emendas correspondentes e redactala practicamente de cero polo que cre que o mellor será debatelas e votalas por separado cada unha no seu punto. O seu Grupo ten algunha achega para facer porque tecnicamente considera que se debera introducir algunha cuestión nas dúas para poder apoialas.

O Sr. Méndez Mosqueira di que o seu Grupo ve difícil redactar desde cero unha exposición de motivos na que coincida co Partido Popular.

Decídese tratar cada moción por separado.

Solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo está totalmente de acordo co que se propón porque son coñecedores, ao igual que os restantes membros da Corporación municipal, da situación existente porque así se lles fixo saber por parte da Asociación de Nais e Pais. Eles van apoiar calquera das propostas e di que non presentaron outra porque non lle viron moito sentido a traer ao Pleno unha terceira moción sobre algo similar. Lles parece moi axeitada a proposta de acordos da moción do BNG e queren facer fincapé principalmente no punto terceiro porque, independentemente de como queden redactadas as mocións no caso de refundirse ou a moción que se presenta, considera que o esencial é facer todo o necesario para que o vindeiro período de matrícula, o 2024-2025, todo o que se propón estea acadado porque do contrario xa non se estaría a cumprir co solicitado pola Asociación que mencionou.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira da área de Economía, Facenda e Urbanismo, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que tanto o Partido Popular como o BNG traen ao Pleno propostas de modificación de ordenanzas de prezos públicos por ensinanzas e actividades educativas, culturais, deportivas e xuvenís solicitada, segundo manifestan os ditos grupos, pola ANPA do Conservatorio de Culleredo coa que o goberno municipal tamén estivo reunido, trastadándolle tamén as súas inquietudes. Di que o compromiso de Culleredo coa Educación, e en particular coa educación musical, é indiscutible, tal e como recoñece o BNG na súa intervención. Os prezos actuais xa pretenden adecuarse á capacidade económica dos alumnos e ás súas familias pero sempre se pode mellorar e por iso o goberno municipal apoiará a moción, refundida ou non coa do Partido Popular, sempre que se engadan as seguintes emendas:

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

1.- Nos puntos números 1, 2 e 3, onde se recolle “ordenanza fiscal” debería dicir “acordo regulador” porque os prezos públicos non teñen natureza tributaria e non se regulan mediante ordenanzas fiscais senón mediante acordos reguladores.

2.- Engadir un punto, válido para ambas mocións, que sería “Instar á Xunta de Galicia a que dentro das súas competencias, establecidas polo Estatuto de Autonomía, asuma a titularidade do Conservatorio Municipal de Música de Culleredo ou, subsidiariamente, que o financie ao 100%.

Di que, respecto ao punto terceiro da moción do BNG, lle gustaría resaltar que ao goberno municipal lles resulta bastante difícil e incongruente pretender a aprobación definitiva da modificación dos prezos públicos antes da apertura do período de matrícula porque quedan menos de dous meses cando se propón a ampliación dos prazos de tramitación coa participación dos órganos de participación establecidos no Regulamento de Participación cidadá. Di que non hai problema en manter un contacto coa Asociación de Nais e Pais do Conservatorio e co resto de asociacións a nivel informal pero se hai que constituir todos os órganos de participación non se podería cumprir o que para eles é tamén o máximo obxectivo que é que xa estea modificado o prezo público cando comece o período de matrícula próximo. Propón que se acorde contar coa Asociación de Nais e Pais do Conservatorio.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do BNG, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, agradece a corrección feita pola Sra. Iglesias Becerra e di que non hai ningún problema en cambiar a denominación, así como tampouco hai ningún problema en engadir a competencia da Xunta de Galicia para que exerza a titularidade, algo que xa a moción introduce na exposición de motivos e que consideran un factor diferencial respecto da moción do Partido Popular. Pide compromiso do goberno municipal para cumprir co punto número 3 porque realmente é moi importante para a ANPA e, de adquirir dito compromiso, o BNG aceptaría que o punto número 2 quedara redactado co seguinte texto:

“2. Contar na revisión de dito Acordo regulador coa participación dos colectivos afectados, nomeadamente coa Asociación de Nais e Pais do CMUS de Culleredo.”

A Sra. Iglesias Becerra intervén e di que se compromete a actuar coa máxima dilixencia dando traslado mañá mesmo desta petición aos servizos económicos para a súa tramitación. Di que non coñece con todo detalle a tramitación pero si sabe que é diferente á das taxas e máis áxil polo que entende que si poderá estar.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo transcrita anteriormente, coa emenda proposta polo grupo municipal do PSdG-PSOE, o Pleno municipal, por unanimidade dos Sres./as concelleiros/as (21), ACORDA:

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

1. Incoar expediente para a modificación do Acordo regulador sobre prezos públicos por ensinanzas e actividades educativas, culturais, deportivas e xuvenís.
2. Contar na revisión de dito Acordo regulador coa participación dos colectivos afectados, nomeadamente coa Asociación de Nais e Pais do CMUS de Culleredo.
3. Tramitar a aprobación definitiva dun novo Acordo regulador sobre prezos públicos por ensinanzas e actividades educativas, culturais, deportivas e xuvenís, con antelación previa suficiente á apertura do periodo de matrícula en actividades para o curso 2024/25.
4. Informar en tódolos documentos de matrícula para ensinanzas e actividades educativas, culturais, deportivas e xuvenís organizadas polo Concello de Culleredo, das posibles bonificacións ás que poidan optar as persoas inscritas e as súas familias.
- 5.- Instar á Xunta de Galicia a que dentro das súas competencias, establecidas polo Estatuto de Autonomía, asuma a titularidade do Conservatorio Municipal de Música de Culleredo ou, subsidiariamente, que o financie ao 100%.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE PREZOS PÚBLICOS POR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES EDUCATIVAS, CULTURAIS, DEPORTIVAS E XUVENÍS. (REXISTRO DE ENTRADA 2024/3313 DE DATA 21/03/2024)

C.I.F. P-1503100-H

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal Partido Popular, con rexistro de entrada n.º 2024/3313 de 21 de marzo de 2024, sobre a modificación da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos por ensinanzas e actividades educativas, culturais, deportivas e xuvenís, á que dá lectura a voceira do Grupo municipal Partido Popular, Sra. García Gorostizu:

:

«MOCIÓN QUE PRESENTA EL PP DE CULLEREDO PARA LA MODIFICACIÓN DE LA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE PRECIOS PUBLICOS POR ENSEÑANZAS Y ACTIVIDADES EDUCATIVAS, CULTURALES, DEPORTIVAS Y JUVENILES

El Grupo Municipal del Partido Popular en el Concello de Culleredo conforme a lo previsto en el artículo 85.5 del Reglamento Orgánico Municipal, desea elevar a Pleno Municipal la siguiente Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La música es una forma de expresión artística y cultural que debería estar al alcance de todos, independientemente de la situación económica en la que se encuentre.

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

Estudios han demostrado que la educación musical tiene numerosos beneficios para el desarrollo cognitivo, emocional y social de los estudiantes por lo que la falta de recursos económicos no debería ser nunca un obstáculo para el desarrollo de habilidades musicales.

La educación musical proporciona una amplia gama de beneficios que van desde el desarrollo cognitivo y académico hasta la promoción de habilidades sociales, emocionales y creativas, así como el bienestar general de los individuos. Es una parte fundamental de una educación integral y debería ser accesible para todos los estudiantes.

El Concello de Culleredo cuenta con un Conservatorio Profesional de titularidad municipal que supone una gran oportunidad para nuestros vecinos, por la posibilidad de formarse en materias y disciplinas muy diversas en el ámbito musical, impartidas por un claustro compuesto por profesionales docentes de reconocido prestigio en sus respectivas materias.

La gran oportunidad que para nuestros vecinos supone disponer de un centro educativo de estas características se ve gravemente lastrado por la inexistencia de políticas y actuaciones municipales tendentes a garantizar el acceso a estos estudios, ya sea en el aspecto económico, incapaces de ofrecer tasas más acordes con otros municipios de similares características, o en el aspecto organizativo, con constantes problemas para cubrir bajas del profesorado o para el cobro de las mensualidades a las familias en tiempo y forma adecuados.

Respecto a la cuantía de las matrículas y de las mensualidades, concellos que disponen también de conservatorios municipales como Carballo, Arzúa, As Pontes, Melide, Ribeira, Monforte, Viveiro, A Estrada o Vilagarcía, tienen tasas, en muchos casos, sensiblemente más bajas que las de Culleredo:

- Frente a los más de 800€ que desembolsan las familias de Culleredo al año en los estudios de grado elemental, la mayoría de los concellos no superan los 400€.
- En el grado profesional nos encontramos con una situación similar, frente a los 1000 euros que deben abonar las familias de Culleredo, en la mayoría de los concellos no superan los 600 euros.

Es por ello que consideramos necesario adaptar la ordenanza municipal fiscal reguladora de los precios públicos concernientes al Conservatorio Municipal, con el fin de que nuestros vecinos no se vean discriminados por motivos de residir en un concello o en otro y se intente garantizar que ningún vecino de Culleredo no acceda al conservatorio municipal por un problema de falta de recursos económicos.

Aunque el conservatorio municipal nace dentro de la iniciativa de cada concello y, por lo tanto, es competencia municipal, somos conscientes de que el conservatorio es deficitario en casi 600.00€ anuales ya que los precios públicos actuales no cubren los gastos que origina. Pero desde nuestro Grupo Municipal creemos que

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

hay que hacer un esfuerzo desde todas las administraciones y buscar conjuntamente soluciones y acuerdos para que no sean las familias de Culleredo las que soporten los precios públicos más altos de Galicia.

Somos conscientes de que se necesita una implicación del resto de administraciones supramunicipales: Diputación, Xunta y Estado para que se facilite el mantenimiento del Conservatorio municipal a través de líneas de ayudas a los concellos que hayan apostado por ofrecer esta educación.

Del mismo modo, consideramos que se puede realizar una mejor gestión de los recursos del conservatorio, estabilizando y aumentando el número de profesores, añadiendo nuevas disciplinas y especialidades y realizando un seguimiento y mantenimiento de las instalaciones que evite su progresivo deterioro.

- En lo puramente educativo, consideramos importante ampliar el área de “iniciación”, creando grupos desde los 4 años de edad, para empezar con la educación musical lo antes posible.

- Crear un área de MUSICOTERAPIA, una nueva disciplina que se viene realizando en numerosos centros de enseñanza musical de toda España y que fomenta la inclusión de niños con diferentes capacidades (TEA, TDA, TDAH) y también a personas con demencias (Alzheimer, Parkinson, etc). Está ampliamente demostrado que estas disciplinas mejoran el bienestar, la autoestima y la capacidad de comunicación de quienes la practican.

- La Banda de Música Municipal, donde nuestros músicos puedan ejercitar su talento sin tener que irse a bandas de otros concellos, y así crear un nuevo atractivo turístico y cultural para Culleredo.

Y todo esto que aquí señalamos, todas estas iniciativas de mejora, han de partir del Concello, titular primero del conservatorio, quien debe coordinar todas las medidas que sean necesarias para mejorar y garantizar el acceso a la educación musical de cualquier vecino que así lo desee sin que lo condicione su economía personal. Y, sobre todo, teniendo en cuenta las peticiones y reclamaciones del ANPA del Conservatorio que son los principales interesados en que las medidas que a continuación solicitamos para su aprobación, se lleven a cabo.

Es por todo ello por lo que el Grupo Municipal Popular, SOLICITA al Pleno la adopción de los siguientes Acuerdos:

- 1.- Instar a la modificación de la Ordenanza Fiscal reguladora de Precios Públicos por Enseñanzas y Actividades Educativas, Culturales, Deportivas y Juveniles, adaptándolo al promedio de los precios públicos vigentes en Galicia.

- 2.- Establecer bonificaciones en consideración a la capacidad económica de los alumnos, con el fin de garantizar el acceso en términos de igualdad de oportunidades, ya que, si bien en la actual ordenanza se establecen precios diferenciados en función de la renta per cápita, consideramos que deben

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

establecerse bonificaciones a mayores teniendo en cuenta como indicador de rentas el IPREM, en lugar de la RPC.

3.- Instar a la Diputación de A Coruña y a la Xunta de Galicia a que incremente la dotación de ayudas y subvenciones destinadas al mantenimiento de las instalaciones de los conservatorios de titularidad municipal en su ámbito territorial.

4.- Apostar por un servicio ambicioso de calidad que aumente el prestigio del Conservatorio de Culleredo, favorezca la participación en eventos y concursos musicales y contribuya a la creación y difusión de la cultura musical.

- Comenzando con el área de iniciación a los 4 años
- Creando el área de Musicoterapia para niños y mayores
- Creando la Banda Municipal
- Aumentar la jornada laboral de los profesores de Composición, Flauta, Percusión y Trompeta, lo que redundaría en una mejor calidad de la enseñanza y de la formación artística de los alumnos.

5.- Garantizar el cobro de las mensualidades el mismo día de cada mes para beneficio de todos; del propio Concello para tener al día la recaudación y, sobre todo, para la tranquilidad y la planificación de gasto de las familias.»

A Presidencia abre a quenda para o **DEBATE:**

Solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, di que os membros do seu Grupo van votar a favor da proposta de acordos referida na moción pero engade que lle parece incongruente que os membros do grupo municipal do Partido Popular veñen de votar a favor duns acordos que inclúen solicitar á Xunta de Galicia que asuma a súa competencia e a titularidade do Centro e na moción que presentan recollan que “(…/…)el conservatorio municipal nace dentro de la iniciativa de cada concello y, por lo tanto, es competencia municipal (…/…)”; di que non é así porque o Estatuto de Autonomía recolle que é competencia da Xunta de Galiza, plenamente.

A moción do Partido Popular di tamén o seguinte: “Somos conscientes de que se necesita una implicación del resto de administraciones supramunicipales: Diputación, Xunta y Estado (…/…)”. Non se lle pode pedir á Deputación da Coruña que aumente a súa aportación aos conservatorios cando este organismo xa fai achegas aos conservatorios e quen non fai ningunha achega é a Xunta de Galicia que é quen ten a competencia e á que o Partido Popular lle vén de reclamar que a asuma. Di que a Deputación xa fai aportacións e que este Organismo é o titular do único Conservatorio de Danza da provincia da Coruña sendo unha competencia que non lle é propia pero se non fora pola Deputación da Coruña nesta provincia ninguén aprendería a marabillosa arte que é a danza. A Xunta de Galicia non asume a súa competencia. O BNG vai aprobar a moción que se presenta e solicitar á Deputación que incremente as súas axudas pero o que realmente hai que solicitar é o que se vén de aprobar por unanimidade que é que a Xunta asuma as súas competencias.

A moción recolle o seguinte

“• En lo puramente educativo, consideramos importante ampliar el área de “iniciación”, creando grupos desde los 4 años de edad, para empezar con la educación musical lo antes posible.

• Crear un área de MUSICOTERAPIA, una nueva disciplina que se viene realizando en numerosos centros de enseñanza musical de toda España y que fomenta la inclusión de niños con diferentes capacidades (TEA, TDA, TDAH) y también a personas con demencias (Alzheimer, Parkinson, etc).

37 de 70

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

Está ampliamente demostrado que estas disciplinas mejoran el bienestar, la autoestima y la capacidad de comunicación de quienes la practican.

• La Banda de Música Municipal, donde nuestros músicos puedan ejercitar su talento sin tener que irse a bandas de otros concellos, y así crear un nuevo atractivo turístico y cultural para Culleredo.”

O seu Grupo está totalmente de acordo pero débense atribuír as ideas ás persoas de quen son as ideas e estas non son ideas do Partido Popular senón dun profesor do Conservatorio que llas trasladou a todos os grupos municipais polo que non deberan asumilas como propias. Di que isto evidencia que as mocións debían ser debatidas por separado pero os membros do seu Grupo van votar a favor dos acordos recollidos na moción do Partido Popular porque están de acordo con eles, o mesmo que están de acordo tamén con que se debe reclamar á Xunta de Galicia que asuma a súa competencia e polo tanto a titularidade do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Culleredo.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira delegada de Economía, Facenda e Urbanismo, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que xa foi votada e emendada a moción anterior polo que unha segunda moción sobre os mesmos aspectos carece de sentido. Cre que a cuestión se reduce a modificar o prezo público tal e como se propuxo anteriormente pero se o Partido Popular mantén a moción o grupo de goberno a apoiará sempre que se acepten unha serie de emendas e pasa a referilas.

Con respecto ao punto primeiro, di que as comparacións son odiosas e que correspondería facer unha análise máis pormenorizada do que se paga en cada concello e non unha media aritmética como se propón que non reflicte a situación económica do mesmo polo que os importes deben establecerse con base a un estudo técnico-económico que permita facer unha proposta sería tendo en conta a casuística concreta do Concello de Culleredo. En canto ao Conservatorio, se se quere establecer un prezo medio, máxime tratándose dunha competencia propia, entende que debера asumilo a Xunta de Galicia, tal e como expresou o concelleiro do BNG, e aí se podería establecer un prezo único para todos os concellos de Galicia.

No ano 2023, o Conservatorio custoulle ao Concello de Culleredo uns 800.000 euros dos cales uns 126.000 foron financiados polo alumnado a través do pagamento do prezo público, 20.000 foron financiados a través de transferencias correntes, de subvencións, 20.000 que achegou a Deputación da Coruña, e a Xunta de Galicia achegou 0 euros polo que a esta Administración non se lle pode pedir que incremente a súa achega porque cun so euro xa a estaría incrementando. O que se quere é que se recolla que se inste á Xunta de Galicia a que, dentro das súas competencias, establecidas polo Estatuto de Autonomía, asuma a titularidade do Conservatorio Municipal de Música de Culleredo e, subsidiariamente, que o financie ao 100%.

En canto ás subvencións di que xa están establecidas e insiste en que non hai problema en realizar o estudo necesario sobre a pertinencia da súa modificación pero insiste en que tratará de adaptala o máximo que se poida ao que se propón.

Respecto do punto número 4 di que o goberno municipal está totalmente de acordo en apostar por un servizo ambicioso e de calidade pero as medidas concretas non se poden establecer sen un estudo pormenorizado das mesmas a realizar pola dirección do centro e a súa comunidade educativa e sen analizar os custes e os beneficios para a comunidade educativa como dixo o Sr. Méndez Mosqueira na súa intervención. Propoñen que se manteña só o primeiro parágrafo e se elimine o resto do punto número 4.

Respecto do punto número 5 di que o goberno municipal non pode garantir que se cobre exactamente o mesmo día de cada mes e propoñen cambiar a palabra garantir por procurar porque, despois de falar coa tesoureira municipal para ver se era posible garantir o que se solicita, determinouse que non é posible xa que o padrón mensual elaborábase no Conservatorio e, xunto cun informe das liquidacións practicadas, pásase a Tesourería para aprobar o Padrón e elaborar os ficheiros que se pasan ao banco para emitir os recibos a

cada un dos usuarios; pódese procurar que sexa na mesma data pero non garantir que sexa no mesmo día.

A continuación fai uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu e di que a intención do seu Grupo sempre é favorecer a vida dos veciños de Culleredo e entenden perfectamente que o Conservatorio é deficitario para o municipio e o que lles interesa é asegurar que os veciños de Culleredo non teñan ningún problema en acceder ao mesmo. Non teñen inconveniente ningún en instar á Xunta a que asuma a súa responsabilidade e recolla a competencia do Conservatorio de Culleredo. Respecto do comentario do Sr. Méndez Mosqueira sobre as ideas recollidas na parte expositiva da moción di que efectivamente parten dunha documentación trasladada desde o Conservatorio municipal e foron incluídas na moción para ser o máis fieis posible ao que lle solicitaron. Di que aceptan as emendas presentadas porque a intención é que os nenos teñan o acceso o máis libre posible ás ensinanzas que imparte o Conservatorio municipal.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que agradece que se acepten as emendas pero que no se trata de que o Conservatorio municipal sexa deficitario porque entende que todo o que se invista en formación non debe ser deficitario. No Concello hai un balance económico ao facer a liquidación do orzamento que dá resultados favorables polo que Culleredo está en condicións de asumir que o investimento en talento sempre vai ter un retorno á sociedade polo que calquera gasto nese sentido debe considerarse un investimento porque a xente nova que sae do Conservatorio achega un talento á sociedade incalculable.

A Sra. García Gorostizu di que está totalmente de acordo co exposto polo Sr. alcalde e que todo o investimento en estudos reverte na sociedade.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Partido Popular transcrita anteriormente, coas emendas propostas polo grupo municipal do PSdG-PSOE, o Pleno municipal, por unanimidade dos Sres./as concelleiros/as (21), ACORDA:

1.- Instar a la modificación del Acuerdo regulador de Precios Públicos por Enseñanzas y Actividades Educativas, Culturales, Deportivas y Juveniles, estableciendo los importes con base a un estudio técnico económico que tenga en cuenta la casuística concreta del Ayuntamiento de Culleredo.

2.- Establecer bonificaciones en consideración a la capacidad económica de los alumnos, con el fin de garantizar el acceso en términos de igualdad de oportunidades, ya que, si bien en la actual ordenanza se establecen precios diferenciados en función de la renta per cápita, consideramos que deben establecerse bonificaciones a mayores teniendo en cuenta como indicador de rentas el IPREM, en lugar de la RPC.

3.- Instar a la Diputación de A Coruña y a la Xunta de Galicia a que incremente la dotación de ayudas y subvenciones destinadas al mantenimiento de las instalaciones de los conservatorios de titularidad municipal en su ámbito territorial.

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

4.- Apostar por un servicio ambicioso de calidad que aumente el prestigio del Conservatorio de Culleredo, favorezca la participación en eventos y concursos musicales y contribuya a la creación y difusión de la cultura musical.

5.- Procurar el cobro de las mensualidades el mismo día de cada mes para beneficio de todos; del propio Concello para tener al día la recaudación y, sobre todo, para la tranquilidad y la planificación de gasto de las familias.»

6.- Instar á Xunta de Galicia a que dentro das súas competencias, establecidas polo Estatuto de Autonomía, asuma a titularidade do Conservatorio Municipal de Música de Culleredo ou, subsidiariamente, que o financie ao 100%.

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN Á RECUPERACIÓN DO MOLINO DE FONTE DA Balsa (REXISTRO DE ENTRADA 2024/3261 DE DATA 20/03/2024)

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal Partido Popular con rexistro de entrada n.º 2024/3261 de 20 de marzo de 2024, sobre a recuperación do muíño de Fonte da Balsa, á que dá lectura o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, don José Antonio Golpe Faraldo:

C.I.F. P-1503100-H

«Moción del Partido Popular para la recuperación del molino de Fonte da Balsa

A principios de este siglo el viejo molino de Fonte da balsa, quedaba deshabitado.

Sus propietarios que habían sido tes<gos del paso de varias generaciones, lo abandonaban para dar paso a la construcción de un flamante paseo fluvial, y a una reforma integral del molino, que lo dejaría a disposición de uso y disfrute de los vecinos, como un bien municipal.

La historia ya la conocemos, la escuela taller de Culleredo llevó a cabo esta reforma que transformó el aspecto del molino centenario, y que también sirvió para formar a jóvenes del municipio, en el oficio de la cantería.

La construcción del paseo que unió Vilaboa con Acea de Ama puso notablemente en valor toda esta zona, aunque se cobrara algún peaje, como el cambio en las crecidas del río Trabe por el desvío del trazado, y sobre todo, la desaparición del acuífero, que fue sepultado.

Al molino recién restaurado se le instaló una bomba de achique, como solución un poco chapucera a la filtración de agua del río hacia su interior

Y se cerró al público sin darle absolutamente ningún uso.

La estructura abandonada se convir<ó en el lugar idóneo para dar cobijo a los grupos de jóvenes que buscaban diver<rse sin ser vistos, o lo que es lo mismo se convir<ó en un botellodromo.

Empezaron a aparecer pintadas, y el lugar se cubría de basura todos los fines de semana. A pesar de todo esto, no se tomó ninguna medida.

Puertas y ventanas rotas y hasta tres veces se llegó a robar el mecanismo de achique.

Llegados a este punto el concello desistió de darle nunca más ningún tipo de mantenimiento a esta estructura, que acabo vandalizada destrozada y cubierta de lodo y basura.

En un artículo en prensa del año 2011 el concello atribuye toda la culpa del estado del molino al vandalismo, y explica que se está buscando alguna otra fórmula para salvar el edificio.

Pero esa formula no llega nunca.

C.I.F. P-1503100-H

Los años pasan y el pantano gana terreno, se pierde una gran parte del paseo, que tampoco ha recibido ningún <po de mantenimiento y la entrada al edificio queda completamente obstruida por la maleza y la ciénaga. No quedan ventanas ni puertas, la basura campa por doquier, hay pintadas dentro y fuera, y el mal olor del agua estancada disuade a cualquier paseante, de acercarse, cosa que por otro lado y considerando el peligro que esto entraña, no es del todo malo.

No solo el molino sufre el deterioro, el firme del paseo y el carril bici se cuartea y rompe, desaparecen las papeleras, se quitan los bancos y no se reponen, las farolas se rompen, el mantenimiento de las vallas de madera y de los puentes, es insuficiente y únicamente se realiza tras la denuncia vecinal en Redes Sociales.

Una obra que nació para Humanizar el pueblo de Vilaboa, languidece, por falta de mantenimiento.

Ya en el año 2020 y con toda esta zona de Fonte da Balsa convertida en un cenagal, el actual alcalde Jose Ramon Rioboo, sale al paso de una protesta vecinal, asegurando en una publicación de la voz de Galicia, que la regeneración integral de esta zona será efectiva antes de finalizar el mandato.

Estamos hablando por supuesto del que finalizó en el 2023.

Otra promesa que el señor Rioboo deja sin cumplir.

Es por ello que solicitamos:

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

- 1) Instar al órgano municipal a reservar una partida presupuestaria para que se realice esa regeneración prometida, que se recupere completamente el edificio histórico, retirando los lodos de su interior, y colocando nuevamente el sistema de achique, que se repongan puertas, ventanas, y todos los elementos que en su día fueron vandalizados.
- 2) Que se acondicione toda la zona para facilitar el acceso al edificio y evitar en medida de lo posible que el cauce del rio vuelva a invadirlo.
- 3) Se dote a la zona de paneles didácticos explicando los mecanismos y el funcionamiento del molino, el nombre del mismo y una síntesis histórica, creemos que junto con el molino de Acea de Ama, este forma un circuito de gran valor cultural, debemos fomentar también en nuestro concello el turismo etnográfico y de naturaleza.
- 4) Se ponga a disposición de los vecinos como patrimonio municipal, que es, con un uso definido, para ello, y con el fin de paliar la escasez de ideas que sufre crónicamente el actual equipo de gobierno, proponemos plantear un concurso público, fomentando la participación ciudadana, para proponer un uso adecuado para el edificio.
- 5) Por último, los errores deben servirnos para aprender de ellos de nada sirve volver a restaurar este patrimonio municipal para dejarlo nuevamente desprotegido. Es fundamental darle utilidad de inmediato, como ya hemos pedido, es sin duda la mejor de las protecciones.

C.I.F. P-1503100-H

Debemos también realizar periódicamente el mantenimiento necesario, y dotarlo de un sistema de vigilancia, que evite nuevos robos y actos vandálicos.»

A Presidencia abre a quenda para o **DEBATE**:

Solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que aos membros do seu Grupo lles gusta a proposta que se presenta neste punto pero o BNG ten seguido durante moito tempo a situación dos muíños e considera que se debe facer unha puntualización porque o Sr. Faraldo, na exposición de motivos, falou de que o Sr. alcalde dixo nalgún momento que se trataba dun patrimonio municipal pero ao BNG non lle consta e máis ben o que ten son indicios en contra de que o sexa. Le o extracto dunha sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo número 4 da Coruña pola que se condenou ao Concello de Culleredo no seu día a pagar unha indemnización ao propietario naquel momento do muíño, a inmobiliaria EPAAT, S.L., por ter feito unha actuación na súa propiedade, situada en Vilaboa – Rutis. Di que lembra de que se trataba dunha actuación na que o Concello investiu 200.000 euros do Plan E, cofecido polo Plan E de Zapatero, pero isto non deixa claro que o muíño sexa patrimonio municipal e considera que o hai que determinar.

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

Parécelle moi interesante o que propón a moción porque sexa ou non municipal trátase dun patrimonio e, ben sexa do Concello ou sexa privado, hai que exixir que se cumpra a Lei de patrimonio e se teña coidado e restaurado ao igual que ao resto dos propietarios porque hai moitos elementos patrimoniais caendo a cachos e a Lei de patrimonio asígnalle aos concellos a responsabilidade de exixir aos propietarios privados manter o patrimonio en bo estado. Propón unha emenda e pide permiso para colocala na proposta como punto número 1, desprazando na numeración aos puntos da proposta que quedarían numerados do 2 ao 6, porque considera que debe ser a primeira na orde . Le o texto da súa emenda e di:

“Incoar expediente de identificación como público do ben “Muíño Fonte da Balsa” que, de ter resultado positivo, dea lugar a súa inclusión no inventario municipal”.

Di que non é necesario incluír emenda no caso de que non se considerara patrimonio público porque xa é unha obriga do Concello de Culleredo reclamar aos propietarios privados que teñan os seus bens patrimoniais en bo estado.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira delegada de Economía, Facenda e Urbanismo, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que ela non leu a sentenza á que fixo referencia o Sr. Chouciño Garrido pero do que leu este voceiro determínase que o ben é do Concello porque así o abonou, sexa con anterioridade ou con posterioridade á ocupación. O goberno municipal está totalmente de acordo, ao igual que xa fixo no pasado, en rexenerar o patrimonio histórico cultural do Concello en xeral e este muíño e o seu entorno en particular e para iso vai contratar unha asistencia técnica que redacte un proxecto de recuperación e uso do muíño que lles permita incluír este investimento ben no novo orzamento ben nun crédito extraordinario que se poida establecer co remanente de Tesourería derivado da liquidación do orzamento. Agardan que nese momento os membros da oposición dean o seu apoio e comunica que, obviando a insidiosa redacción da exposición de motivos, o grupo de goberno vai apoiar a moción.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que lle parece importante aprobar a emenda proposta polo BNG porque, da sentenza que leu na súa intervención o Sr. Chouciño Garrido, ela entende que o pagamento non foi para que o ben pasara a ser patrimonio municipal senón unha indemnización por danos e prexuízos por ter feito unha obra indebidamente. Cre que si é necesario e imprescindible asegurarse de se o referido patrimonio é municipal ou non para, posteriormente, levar a cabo o que se recolle na moción.

O Sr. Chouciño Garrido intervén e di que no inventario non atoparon o ben, se ben é certo que o que se pode consultar publicamente do inventario na sede electrónica deixa moito que desexar e nin tan sequera ten data da última actualización, tratándose dun documento que non serve case para nada e calquera persoa que descargue os documentos, un gráfico e outro en forma de táboa, vai ter moitos problemas para identificar algo que si está e xa non se diga para algo que non estea. Di que el forma parte da Corporación desde fai case nove anos e non recorda que se fixera nunca unha iniciativa para incluír no inventario municipal o ben referido. No caso de estar equivocados e o ben si fora patrimonio

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

municipal, non atopa ningún problema en incluír a emenda identificando dito ben como público.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que efectivamente neste asunto había un tema xurídico que non aclaraba a titularidade dos muíños por diferentes convenios urbanísticos e se lle fixo a consulta aos servizos xurídicos municipais para determinar se, a través da sentenza referida, a titularidade era municipal porque a posteriori o Concello presentou un proxecto á Rede de Biodiversidade para que a través de fondos europeos se fixera unha rexeneración integral do leito do río, incluíndo os propios muíños, e no propio proxecto constaba de titularidade municipal; no periodo 2007-2011 fíxose algunha intervención nese muíño, non sabe se con fondos públicos ou non, pero houbo numerosos actos de vandalismo sobre todo nas bombas de achique. Todos os membros da Corporación teñen interese na recuperación dos muíños e indica que foi unha mágoa non acadar maior puntuación no proceso selectivo pero desde o Ministerio comunican que vai haber unha nova convocatoria e que, se o Concello modifica as porcentaxes de participación, podería acadar unha maior puntuación. Cre recordar que se solicitaba un investimento de 2.300.000 euros para recuperar o leito desde Augas Mansas ata a desembocadura do río Trabe nos muíños de Acea de Ama que tamén teñen que ser obxecto dun arranxo.

A continuación o concelleiro do Partido Popular, Sr. Golpe Faraldo, di que non hai problema ningún en incluír na proposta de acordo a emenda proposta porque lles parece tamén moi necesaria.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Partido Popular transcrita anteriormente, coa emenda proposta polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, o Pleno municipal, por unanimidade dos Sres./as concelleiros/as (21), ACORDA:

- 1) Incoar expediente de identificación como público do ben “Muíño Fonte da Balsa” que, de ter resultado positivo, dea lugar a súa inclusión no inventario municipal.
- 2) Instar al órgano municipal a reservar una partida presupuestaria para que se realice esa regeneración prometida, que se recupere completamente el edificio histórico, retirando los lodos de su interior, y colocando nuevamente el sistema de achique, que se repongan puertas, ventanas, y todos los elementos que en su día fueron vandalizados.
- 3) Que se acondicione toda la zona para facilitar el acceso al edificio y evitar en medida de lo posible que el cauce del rio vuelva a invadirlo.
- 4) Se dote a la zona de paneles didácticos explicando los mecanismos y el funcionamiento del molino, el nombre del mismo y una síntesis histórica, creemos que junto con el molino de Acea de Ama, este forma un circuito de gran valor cultural, debemos fomentar también en nuestro concello el turismo etnográfico y de naturaleza.

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

- 5) Se ponga a disposición de los vecinos como patrimonio municipal, que es, con un uso definido, para ello, y con el fin de paliar la escasez de ideas que sufre crónicamente el actual equipo de gobierno, proponemos plantear un concurso público, fomentando la participación ciudadana, para proponer un uso adecuado para el edificio.
- 6) Por último, los errores deben servirnos para aprender de ellos de nada sirve volver a restaurar este patrimonio municipal para dejarlo nuevamente desprotegido. Es fundamental darle utilidad de inmediato, como ya hemos pedido, es sin duda la mejor de las protecciones.

Debemos también realizar periódicamente el mantenimiento necesario, y dotarlo de un sistema de vigilancia, que evite nuevos robos y actos vandálicos.»

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN AO NOVO PROXECTO E LICITACIÓN DE “REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE TARRIO. POS+ADICIONAL 2/2021 (REXISTRO DE ENTRADA 2024/3283 DE DATA 20/03/2024)

C.I.F. P-1503100-H

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal Partido Popular, con rexistro de entrada n.º 2024/3283 de data 20 de marzo de 2024, sobre a rehabilitación e acondicionamento do polideportivo municipal de Tarrío. POS+Adicional 2/2021, á que dá lectura a voceira do grupo municipal Partido Popular, dona Izaskun García Gorostizu:

«MOCION QUE PRESENTA EL PARTIDO POPULAR DE CULLEREDO PARA NUEVO PROYECTO Y LICITACIÓN DE “Rehabilitación e acondicionamento do Polideportivo Municipal de Tarrío. POS + Adicional 2/2021”

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El pabellón de Tarrío es un centro neurálgico para la comunidad deportiva de Culleredo, siendo utilizado por numerosos equipos y escuelas deportivas. Su mal estado afecta negativamente a los usuarios, pues tienen que enfrentarse a goteras, falta de accesibilidad, vestuarios insuficientes, servicios también insuficientes y apercibimientos de sanciones por incumplir lo que estipulan los reglamentos.

El lamentable estado en el que se encuentra el pabellón polideportivo de Tarrío provoca que presente riesgos para la seguridad de los usuarios, incluyendo deportistas, entrenadores y espectadores. La presencia de grietas, filtraciones y

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

otros daños estructurales compromete su uso por los clubes deportivos del Concello.

El Concello es el responsable de preservar y mantener estas instalaciones deportivas públicas en condiciones óptimas para su uso. El deterioro del pabellón deportivo es un reflejo de la falta de compromiso y falta de interés de este gobierno municipal por el deporte, por los vecinos y que no solo afecta a la comunidad actual, sino también a las generaciones futuras.

La mejora de esta instalación deportiva puede atraer eventos deportivos de nivel nacional, competiciones que pondrán el nombre de Culleredo y atraerán a deportistas y a sus familias lo que conllevará ingresos para nuestra economía, pero estando el pabellón en estas condiciones, restaría puntos a la hora de solicitar dicha competición.

Debido a esto, en el año 2021, se presentó el proyecto “Rehabilitación e acondicionamento do Polideportivo Municipal de Tarrío” para el POS + Adicional 2/2021, pero la triste realidad es que han pasado 3 años desde que se aprobó en la Diputación este presupuesto de 662.898,5 euros para la mejora de estas instalaciones deportivas y todavía no se han iniciado las obras.

C.I.F. P-1503100-H

La cronología ha sido la siguiente:

- El 05.05.2021 Ratificación por el pleno de la resolución de alcaldía en la que se aprobaba el proyecto.
- El 05.11.2021 se adjudica la ejecución de la obra fijando un precio de 662.898.5 euros y se nombra al director de obra.
- El 25.11.2021 se firma el contrato para la ejecución de la obra
- El 27.12.2021 Acta de comprobación del replanteo negativa por no haberse aprobado el Plan de Seguridad y Salud
- El 01.02.2022 nueva acta de replanteo negativa por “terse detectado posibles deficiencias na estrutura do polideportivo, polo que é necesario un estudio preliminar de dita estrutura”
- El 7.11.2022 se nombra nuevo director de obra
- El 30.01.2023 la empresa presenta resolución del contrato y solicita la indemnización de 16.435,5 euros por el artículo 246 de la LCSP (Ley Contratos del Sector Público) por el supuesto de suspensión del inicio de la obra por parte de la Administración por un plazo superior a 4 meses.
- También solicita 4.354,03 euros en concepto de daños y perjuicios y que se le devuelva la garantía de 27.392,5 euros

En definitiva, estamos en casi abril del 2024 y seguimos sin empezar una obra tan necesaria para clubes deportivos y usuarios de estas instalaciones.

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

Desde nuestro grupo municipal creemos que es hora de actuar con determinación y compromiso para ofrecer a nuestros vecinos y a nuestros clubes deportivos unas instalaciones municipales con la calidad que se merecen y que se adapten a las necesidades que transmitieron en su día y que no ven recogidas en el proyecto actual, como es el cambio completo de la pista y la creación de una sala multiusos.

Les recuerdo que en el pleno del pasado 26/09/2023, se aprobó una moción presentada por nuestro grupo municipal sobre la creación de un PLAN INTEGRAL DE MANTENIMIENTO DE INSTALACIONES DEPORTIVAS y del que, a día de hoy, 6 meses después, no hay noticias.

Es por todo ello por lo que el Grupo Municipal Popular, SOLICITA al Pleno la adopción de los siguientes Acuerdos:

1.- Instar al correspondiente órgano de gobierno para que se inicie un nuevo proyecto de obra que subsane las deficiencias detectadas y que recoja y se adapte a las necesidades reales que plantearon los usuarios de estas instalaciones deportivas para su aprobación en pleno y supervisión técnica por la Diputación.

C.I.F. P-1503100-H

2.- Instar al correspondiente órgano de gobierno a agilizar la resolución del contrato de obra para poder licitar nuevamente lo antes posible y evitar una pérdida de financiación por no ser capaces, desde esta administración, a ejecutar los proyectos en el tiempo establecido. Llevamos perdidos 3 años.»

A Presidencia abre a quenda para o **DEBATE**:

Solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez quen, unha vez concedido, di que é certo que o equipo de goberno mantén un tremendo desleixo co deporte en xeral e coas instalacións en particular, semellando que non hai máis interese que a foto de turno para a publicidade. É sangrante ver a incapacidade para sacar adiante en condicións unhas obras prometidas desde hai tanto tempo e mesmo proe ver os equipos deportivos que teñen que adestrar fóra do Concello de Culleredo pola incompetencia do Concello na política das instalacións deportivas, sendo impresionante ver a cara de estupor dos competidores dunha disciplina deportiva que se está a facer a nivel nacional cando entran no pavillón de Tarrío e ven onde van xogar. As súas caras son un poema, polo que calquera proposta na mellora do tecido de instalacións deportivas do Concello, dada a precaria situación, lles parece interesante polo que están de acordo co fondo da moción que se presenta neste punto pero entenden que se podería enriquecer cunha emenda no primeiro punto co que quedaría redactado da seguinte maneira:

“Instar ao correspondente órgano de goberno para que inicie un novo proxecto de obra que subsane as deficiencias detectadas e recolla e adapte as necesidades reais que formulan os principais usuarios destas instalacións deportivas, recollendo de xeito explícito unha renovación da pista e a creación dunha sala multiusos na parcela anexa ao pavillón

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

situada entre o campo de fútbol e este, e traéndoo ao pleno para a súa aprobación e supervisión técnica da Deputación.”

De seguido a Sra. García Gorostizu di que o seu Grupo non ten inconveniente ningún en incluír a emenda proposta polo BNG e que non o viron necesario porque xa na exposición de motivos se explica cales son as demandas dos clubs e dos usuarios, que piden un proxecto novo que as inclúa porque non estaban no proxecto aprobado.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o único que non se recolleu no proxecto foi o cambio do parquet da zona de xogo porque a criterio dos técnicos o terreo de xogo da polideportiva de Tarrío estaba en perfecto estado. O goberno municipal pedira presuposto para poder facer noutra actuación, e á par de cando se faga a obra da polideportiva, o posible cambio do firme aínda que a calidade do mesmo non se pode poñer en evidencia pese a que para algunhas modalidades deportivas resulte demasiado duro. En canto ao proxecto di que o arquitecto que o redactou está a realizar todas as modificacións necesarias para actualizar os prezos que estaban desfasados e recorda que cando se adjudicou o pavillón coincidiu coa suba de prezos motivada pola guerra de Ucraia, cunha suba bastante substancial polo que non se podía facer un modificado do contrato nin sequera coa liquidación porque a diferenza entre o que demandaba a empresa adjudicataria e o establecido polo Concello rondaba os 200.000 euros e excedía o establecido pola Lei de contratos e houbo que resolver o contrato coa empresa adjudicataria e asumir as indemnizacións correspondentes, pedíndolle as prórrogas necesarias á Deputación provincial para non perder o financiamento concedido. A obra está cofinanciada polo Concello polo que necesita dos remanentes polo que unha vez feita a liquidación incorporárase a achega municipal e xa se saberá o incremento necesario para executar a obra. Respecto do salón de actos, polas medidas do pavillón e espazos que teñen que quedar reservados por seguridade para a segura práctica do xogo nas diferentes modalidades, deixase na parte esquerda, xunto ao colexio de Tarrío, un espazo para outro tipo de actividades pero a intención é, na parte traseira, contra o campo de fútbol de Tarrío, realizar aí outro investimento distinto ao obxecto desta obra. A Deputación provincial indica que calquera modificación substancial que se faga conlevaría a perda dese financiamento. Di que o goberno municipal non ten problema en aprobar a moción que se presenta neste punto aínda que practicamente o 95% do que se propón xa estea en marcha pero si hai que ter en conta as consideracións que constan no expediente. Contan con licitar novamente a obra no vindeiro mes de maio e agarda que economicamente resulte interesante para que se presenten o maior número de ofertas posibles. A obra ten tamén outro condicionante pois non todos os licitadores se podían presentar xa que debían reunir unhas características determinadas e iso limitou bastante a afluencia de licitadores.

A continuación a Sra. García Gorostizu di que non lle quedou clara a exposición do Sr. alcalde e lle pregunta se vai haber un proxecto novo que recolla o cambio da pista ou non.

O Sr. alcalde responde que non, que no proxecto non se inclúe o cambio da pista.

A Sra. García Gorostizu di que o seu Grupo non pide so que se modifiquen os prezos senón que o que piden os clubs é un proxecto novo que recolla as necesidades novas que

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

eles están solicitando que son, de primeira urxencia, a renovación do solo e a sala multiusos na parte traseira. Iso é o que ten que recoller o proxecto e é a emenda que está a apoiar tamén o BNG para que quede na parte propositiva. Di que todas as administracións sufriron a brusca suba dos prezos pero todas actuaron con axilidade pero o alcalde de Culleredo vai con dous anos de atraso desde que se soubo dos problemas e a suba dos prezos, amosando unha vez máis a nula capacidade de xestión que ten pois botou un ano sen facer nada cunha acta de replaneo negativa e outro ano para poñer un novo director de obra. En tres anos, por un problema ou por outro, a obra non comeza e, a maiores, sen recoller as demandas da veciñanza.

O Sr. alcalde-presidente di que xa trasladou aos que usan o campo a principal necesidade de remodelación integral do edificio e no conxunto da obra o cambio de pista era un tema menor que non se vai estender no tempo. O goberno municipal non vai apoiar unha moción habendo outras alternativas perfectamente viables e que non poñerían en perigo o financiamento desa infraestrutura. Di que non hai problemas estruturais no edificio tal e como determinaron os técnicos e as auditorías feitas, pois a confusión veu derivada dunhas macetas ornamentais que se creu que eran uns pilares do edificio.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do BNG, Sr. Villarrenaga Vázquez quen, unha vez concedido, di que o feito de que unha pista estea en condicións visuais non indica que sexa válida para a práctica deportiva; a pista foi unha pista fantástica nos anos 80 pero agora, en 2024, a práctica deportiva nese tipo de pistas para deportes de impacto como os que se xogan aí é altamente prexudicial e lesiva. Cando fala dunha sala multiusos referíase a unha sala multiusos en relación co deporte e a súa práctica, unha zona de adestramento no que se poida facer traballo físico máis aló do que se fai na pista, é dicir, unha sala de pesas, unha sala de TRX, unha sala de adestramento funcional e incluso unha sala de adestramento que se poida empregar para algunha actividade deportiva do Concello e non un salón de actos. Os usuarios do recinto de Tarrío non demandan un salón de actos senón unhas instalacións acordas para desenvolver adestramentos a nivel nacional, o que implica alto rendemento. Se é moi gravoso o orzamento de cambiar a pista o que se pode facer é un proxecto por fases pero a prioridade dos usuarios é o cambio de pista, que ten que ser xa porque é sumamente lesiva para o deporte que se está a facer aí. Das palabras do Sr. alcalde non percibe que estea especialmente preocupado por unha práctica deportiva en Tarrío saudable e eficiente; o parquet non é un tipo de solo adecuado para deportes de Sala hoxe en día.

O Sr. alcalde-presidente di que o goberno municipal falou cos clubs e lles explicou que o cambio nestes momentos non podía ser dentro do proxecto aprobado e que se intentaría facer noutro á par do da construción. El non di que o parquet existente sexa o mellor do mundo pese a que aí se practicou baloncesto en cadeira de rodas, patinaxe, e diferentes modalidades deportivas; sabe que non é o máis óptimo para algunha modalidade deportiva pero hai que pensar en que sexa óptimo para a modalidade deportiva que ten máis uso do pavillón sen que deixe de ser perfectamente utilizable para calquera outra modalidade; o goberno municipal pediu a empresas que son expertas en material deportivo que digan que tipo de solo recomendan para poñer aí e facer as prescricións técnicas necesarias para que no momento en que se licite contar cun solo homologado; respecto da sala

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

multiusos o pavillón ten as dimensións que ten e non se pode facer máis grande e dentro do proxecto ten que haber un perímetro de seguridade que limita esas pretensións de ter un ximnasio, etc; hai que aproveitar o espazo que permita a dimensión do pavillón.

A Sra. García Gorostizu di que quere matizar que todos os meses na Deputación provincial se levan modificacións de proxectos de obras que se presentan ao POS e non hai ningún problema; non queren que o goberno municipal utilice unha posible perda de financiamento para non modificar o proxecto.

O Sr. alcalde-presidente di que se hai unha modificación substancial modifícase o obxecto do proxecto e nese caso si habería o problema de financiamento.

A Sra. García Gorostizu di que todos os meses se aproban modificacións substanciais de proxectos na Deputación e que esta pode ser outra desas; o que hai que facer é modificar o proxecto, aprobalo no Pleno, levalo á Deputación e aprobalo na Deputación.

O Sr. alcalde lle di á Sra. García Gorostizu que ela sabe que non é así e que, se non o sabe, vaia á Deputación e pregunte.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Partido Popular transcrita anteriormente, coa emenda proposta polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, o Pleno municipal, por unanimidade dos Sres./as concelleiros/as (21), ACORDA:

1.- Instar ao correspondente órgano de goberno para que inicie un novo proxecto de obra que subsane as deficiencias detectadas e recolla e adapte as necesidades reais que formulan os principais usuarios destas instalacións deportivas, recollendo de xeito explícito unha renovación da pista e a creación dunha sala multiusos na parcela anexa ao pavillón situada entre o campo de fútbol e este, e traéndoo ao pleno para a súa aprobación e supervisión técnica da Deputación.

2.- Instar al correspondiente órgano de gobierno a agilizar la resolución del contrato de obra para poder licitar nuevamente lo antes posible y evitar una pérdida de financiación por no ser capaces, desde esta administración, a ejecutar los proyectos en el tiempo establecido. Llevamos perdidos 3 años.»

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN Á SUSCRICIÓN DE CONVENIO COA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA EN MATERIA DE SELECCIÓN DE POLICÍA LOCAL (REXISTRO DE ENTRADA 2024/3296 DE DATA 20/03/2024)

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo con rexistro de entrada n.º 2024/3296 de 20 de marzo de

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

2024, sobre a suscripción de convenio coa Academia Galega de Seguridade Pública en materia de selección de policía local, á que dá lectura o voceiro do BNG de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido:

«Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN PARA A SUSCRICIÓN DE CONVENIO COA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA EN MATERIA DE SELECCIÓN DE POLICÍA LOCAL

Na sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 26 de decembro de 2022, acordouse aprobar a Oferta de Emprego Público para o ano 2022, incluíndo na mesma 1 praza de Policía do grupo C1. Igualmente, na sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o 20 de novembro de 2023 acordouse aprobar a Oferta de Emprego Público para o ano 2023, incluíndo na mesma 3 prazas de Policía do grupo C1, 2 delas por oposición con acceso libre e 1 por concurso de mobilidade.

É evidente a urxente necesidade de persoal no corpo de Policía Local do Concello de Culleredo. Calquera veciña ou veciño pode comprobar as eivas no servizo provocadas pola falta de persoal. O propio goberno municipal teno así admitido en numerosas ocasións. E queda en evidencia que a xestión destes procedementos por parte do goberno municipal eterniza a incorporación de novos efectivos: aínda están sen resolver procesos de selección correspondentes ás Ofertas de Emprego Público de 2019, 2020 e 2021. Súmase á exposición de motivos para a presentación desta moción o número de horas extraordinarias efectuado polos efectivos da Policía municipal no noso concello, que en 2023 sumaron 3.752,50, e que o propio Xefe da Policía Local prevé aumenten nun 20% en 2024 polo posible paso de dous integrantes da plantilla a segunda actividade e a xubilación doutros dous “o que suporá o aumento dos servizos extraordinarios que será necesario establecer para manter a prestación do servizo de policía en alomenos unha patrulla por turno de traballo”.

O proceso selectivo para a cobertura destas prazas implica unhas probas de materia moi específica, incluídas probas físicas, e compoñer un tribunal conleva unha dedicación de funcionarias e funcionarios que terán que prescindir de atender outras cuestións, deixando as súas tarefas noutros servizos nunha situación tamén minguada.

En Galiza contamos cunha Academia Galega de Seguridade Pública na que se poden delegar estes procesos selectivos, de forma que se proceda a ese proceso de selección con persoal especializado e con instalacións acaídas para acometelo. Non facelo así sería un desperdicio de recursos económicos municipais, tanto financeiros como humanos. Así está establecido no convenio asinado pola Federación Galega de Municipios e Provincias coa Xunta de Galiza.

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

Dicía o presidente da FEGAMP no momento de asinar o convenio co Xunta: “Cubrir as vacantes da policía supón para moitos concellos, sobre todo os pequenos, un labor complexo que bloquea traballo diario da Secretaría. Os municipios que desexen poden delegar na AGASP para que se encargue de todo o proceso, desde as probas selectivas ata a formación”. O goberno municipal presidido polo noso alcalde Sr. Rioboo, continuamente está poñendo de manifesto a insuficiencia de recursos humanos. Desperdiciar a oportunidade de usar un órgano de probada solvencia nestes procesos e de nulo custo para o Concello sería un desperdicio de recursos.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e, se procede, aprobación do seguinte

ACORDO

1. Que se inicien, impulsen e finalicen os trámites necesarios para materializar un convenio coa Academia Galega de Seguridade Pública no marco do acordo da Xunta coa FEGAMP para delegar os procesos para a selección de Policía Locais, de forma que este proceso selectivo sexa realizado pola Academia Galega de Seguridade Pública.»

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia abre a quenda para o **DEBATE**.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que os membros do seu Grupo van votar a favor da proposta que se presenta neste punto porque, cinguíndose a feitos puramente obxectivos, a necesidade de cubrir as prazas de Policía Local é unha evidencia para todos e hoxe mesmo se puido ver, no expediente que trataba as gratificacións extraordinarias, o informe da Policía Local no que determinaba a insuficiencia dos medios cos que conta a nivel de persoal e que prevía que ao longo do 2024 se tiveran que facer máis de 4.000 horas extraordinarias. Entende que isto ten que ser algo puntual e excepcional pero non o método de traballar; en dito informe se recolle que varios membros da Policía Local van pasar á fase de xubilación co que o servizo será aínda máis deficitario en breve; é moi necesario reforzar a Policía Local e resulta claro que os medios utilizados ata agora non resultaron efectivos.

A voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu, solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que visto o que se debatiu hoxe no pleno os membros do seu Grupo van apoiar esta moción porque consideran que é o máis beneficioso para o Concello, para a Policía Local e, en definitiva, para os veciños de Culleredo.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que en relación coa moción que presenta o BNG neste punto o expediente xa está iniciado e unha porcentaxe alta dos informes necesarios tamén están listos, sendo intención do goberno municipal levalo ao pleno ordinario do mes de abril. O expediente iniciouse con data anterior á da moción pero aínda así a apoiarán, como é lóxico.

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

C.I.F. P-1503100-H

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que cre que o expediente referido pola Sra. Figueroa Fuentes se iniciou no mes de marzo. O goberno municipal xa amosara a súa vontade de facelo así e as últimas novas enviadas desde a Federación Española de Municipios é que o vindeiro ano non haberá taxa de reposición. Respecto da axilidade da que se falou di que o feito de facer a selección a través da Academia non indica que se poida contar cun maior número de prazas pois quen marca a cantidade de policía que se poden ter é a Lei de presupostos do Estado e a taxa de reposición. Estivo hoxe nunha reunión cos bombeiros de Galicia e todos os municipios que estaban alí representados tiñan o mesmo problema e todos comentaron que era unha pena que en materia de Seguridade Cidadá, e máxime tendo en conta os últimos episodios de inseguridade que se están a xerar, a taxa de reposición non fora eliminada; parece ser que se están a estudar fórmulas xurídicas para aqueles municipios que teñen dotadas prazas de Policía Local que se consideran suficientes para cubrir o catálogo de policía pero pasar á Academia tampouco vai ser a panacea pois tamén cometen erros e non vai supoñer que se poda completar de golpe o número de policía que Culleredo necesita pois hai que ir pouco a pouco o mesmo que se os seleccionara o Concello. O goberno municipal iniciou este expediente con celeridade porque si é certo que as noticias auguraban, antes de que o goberno de Madrid decidira pospoñer os presupostos por mor dos procesos electorais no País Vasco e Cataluña, que se ía suspender a taxa de reposición e o Concello non ten capacidade suficiente para facer un proceso selectivo de 14 policía que poidan facer falta, por exemplo. Di que el ten unha relación moi directa coa Dirección Xeral de Emerxencias que regula a AGASP e lle parece moi boa opción acudir á Academia en previsión de que proximamente se suprima a taxa de reposición. A vantaxe que ten facer os procesos selectivos no propio Concello é que seguramente os opositores sexan do entorno e se se fai na Academia poden vir opositores de calquera parte de Galicia e logo acollerse á mobilidade para retornar a zonas máis próximas aos seus lugares de nacemento.

A continuación solicita o uso a palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar quere felicitar ao goberno municipal polo cambio de opinión porque no 2022 o BNG xa trouxo ao Pleno esta proposta e naquel momento votaron en contra, levando o proceso desde o Concello co resultado do que xa se falou, incluída unha denuncia na Valedoría do Pobo porque había indicios de irregularidades graves e iso foi o que levou a revisar que pasou con todo o proceso e que pasaba cun tribunal no que o secretario era unha persoa que non era a persoa que deba estar cando é unha persoa que nunha sede xudicial recoñeceu que as funcións do seu posto son propias do persoal eventual. Non entende o comentario do Sr. Alcalde respecto de que facelo a través da AGASP non vai implicar ter máis persoal porque a súa proposta non indica iso senón que vai supoñer que, se en vez de tardar tres anos se tarda un, dentro dun ano haberá máis persoal. A taxa de reposición vén da Lei Montoro do 2012, hai xa 12 anos, e houbo tempo para anulala. O BNG levou a solicitude de anular a taxa de reposición ao Congreso. Respecto da mobilidade di que iso xa está pasando a pesar de que se fagan as seleccións nos concellos. Os policía van a onde hai convocatorias e por iso era moi necesario tamén modificar a taxa de dereitos de exame para que se poida presentar todo o mundo porque é moi disuasorio ter que pagar unha barbaridade por taxas de exame e por iso o BNG hoxe está a facer moito porque haxa máis concorrencia, máis liberdade no acceso á Función

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

Pública e máis garantías. Unha vez que aproban nun lugar, durante un tempo non se pode concursar e se a selección se fai a través da Academia cada aprobado vai elixir o sitio que máis lle convén.

O Sr. Alcalde-presidente di que coincide plenamente co que vén de dicir o Sr. Chouciño Garrido e el o único que dixo foi que o feito de acudir á Academia non indica que se poida seleccionar un número maior de policíaas.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo transcrita anteriormente, o Pleno municipal, por unanimidade dos Sres./as concelleiros/as (21), ACORDA:

Que se inicien, impulsen e finalicen os trámites necesarios para materializar un convenio coa Academia Galega de Seguridade Pública no marco do acordo da Xunta coa FEGAMP para delegar os procesos para a selección de Policíaas Locais, de forma que este proceso selectivo sexa realizado pola Academia Galega de Seguridade Pública.

C.I.F. P-1503100-H

10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA INSTAR Á DESCONTAMINACIÓN EFECTIVA DOS TERREOS DA ANTIGA FÁBRICA CROS (REXISTRO DE ENTRADA 2024/3297 DE DATA 21/03/2024).

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, con rexistro de entrada n.º 2024/3297, de 21 de marzo de 2024, sobre a descontaminación efectiva dos terreos da antiga fábrica Cros, á que dá lectura o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido:

«Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN PARA INSTAR Á DESCONTAMINACIÓN EFECTIVA DOS TERREOS DA ANTIGA FÁBRICA CROS

A fábrica da empresa Cros, coñecida polos veciños como A Cros, na parroquia do Burgo, era unha industria encargada da fabricación de fertilizantes. Nos seus primeiros anos, nos anos 30, producía superfosfato de cal, mais na década dos 60 e até o seu peche nos anos 80, modificou a súa produción cara os abonos complexos, así como cara a produción de ácido sulfúrico e outros ácidos para a industria conserveira.

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

Varias parcelas das que no seu momento ocupaba esta industria téñense restituído como espazo de titularidade pública e actualmente 3 delas permanecen sen uso, sendo obxecto de numerosos globos sonda que nunca chegaron a término, o último deles cando hai un mes se propoñía neste Pleno ceder por 50 anos este espazo público a unha entidade privada.

Sen embargo, nas últimas décadas tamén se sucederon continuos anuncios, iniciativas e dúbidas arredor do grao de contaminación dos terreos, resultante de 50 anos de actividade industrial con materiais químicos que poden causar grave afección á composición do solo e a calqueira actividade humana que neles ou na súa contorna teñan lugar. No ano 2009 licitouse a “Primeira fase de descontaminación e consolidación estrutural do Centro Cultural na antiga Fábrica Cros” por case 3 millóns de euros financiados con fondos FEDER da Unión Europea. Aqueles traballos remataron en 2011. Calquera veciño ou veciña podería interpretar que a situación quedaba solucionada despois daquel millonario investimento. Pero un breve traballo de documentación evidancia que non foi así.

Ao ano seguinte, nun documento asinado en decembro de 2012, o equipo redactor do proxecto para o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal recolle no seu Informe de Sustentabilidade Ambiental que “en Culleredo localízanse os terreos da Fábrica da Cros que, nalgúns sectores, atópanse contaminados por metais pesados (cadmio, níquel, cobre) e piritas.”

Naquel mesmo tempo, cando se barallaban distintas localizacións para un novo Centro de Educación Infantil e Primaria en Culleredo (o que remataría sendo o CEIP Vila de Rutis en Vilaboa), tralo ofrecemento do alcalde de terreos na Cros para aque futuro centro, o Secretario Xeral Técnico da Consellería de Educación rexeitou a proposta porque os terreos estaban insuficientemente descontaminados.

O propio goberno municipal admite que a descontaminación non foi eficaz cando na súa solicitude de novos fondos europeos FEDER para a estratexia EDUSI de desenvolvemento urbano sostible, recolle en 2016 unha liña de traballo para a “Mellora da transición ciudad zonas industriales, permeabilidade urbana e patrimonio industrial” na que 1 inclúen accións para “Continuar cos traballos de descontaminación de terreos da antiga Fábrica Cros”, tales como:

1. Análise do estado dos terreos.
2. Contratación e execución da descontaminación dos terreos.

A pesar de non ter constancia de que se levase a cabo ningunha destas accións, calquera veciño pode comprobar nas noticias da web do programa Culleredo Vivo, titulares sobre o desenvolvemento do programa EDUSI como:

- “A descontaminación da Cros é unha prioridade para a EDUSI”.²
- “Proxecto museístico na Fábrica de Cros: [...] Espérase un estudo que determinará o proxecto de descontaminación, para o que se incluíu unha partida de 250.000 euros dentro da #EDUSI”.³
- “Continúa a descontaminación da Fábrica Cros: Desde o concello desenvolvéronse traballos de descontaminación e consolidación estrutural da fábrica de Cros, pero é necesario finalizar a descontaminación dalgunhas parcelas que aínda non foron tratadas.

Para levar isto a cabo, primeiro analizarase o estado dos terreos e logo procederáse á contratación e a execución. O resultado que se espera é a mellora da contorna de Cros para o seu uso cidadán.”⁴

- “Descontaminación da Fábrica de Cros: Dentro do proxecto Culleredo Vivo, continúan os traballos de descontaminación da antiga Fábrica de Cros, a través dunha análise do terreo e executando a propia descontaminación da zona.”⁵

Sobran as evidencias para concluir que os terreos dos que estamos a falar continúan a estar contaminados, sen que o goberno municipal teña sido quen en todos estes anos de investimento público de confirmar con claridade a completa descontaminación das parcelas que ocupaba esta industria e que agora son de dominio público. Na propia documentación achegada para o Pleno do pasado mes de febreiro no que se pretendía debater o anteprojecto para a cesión de 2 das parcelas a unha entidade privada volvíase facer referencia á situación de contaminación das parcelas e o proceso inconcluso de descontaminación, ben é certo que cunha redacción ben buscada para evitar concretar a situación actual.

Tampouco nada sabemos dos necesarios e entendemos que preceptivos informes de control da evolución da contaminación desas parcelas, das que o goberno municipal nunca dou conta á corporación polo que deducimos que non se están facendo.

Cómpre rematar canto antes con esta situación e proceder a unha descontaminación efectiva dos terreos que non deixe dúbida para o seu destino ao uso público. Neste sentido a Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galiza, recolle a competencia da Xunta de Galiza para a declaración e delimitación de solos contaminados. Segundo o recollido no seu artigo 61.2

Declaración de solos contaminados “A resolución que declare un solo como contaminado conterá [...] a) As medidas de control e de seguimento que, de ser o caso, deban adoptarse. b) Os usos aos cales non poderá ser destinado o solo en

tanto subsista a declaración. c) A fundamentación xurídica e técnica en que se sustenta a declaración”.

⁵ <https://culleredovivo.es/descontaminacion-de-la-fabrica-de-cros/?lang=gal>

⁴ <https://culleredovivo.es/continua-a-descontaminacion-da-fabrica-cros/?lang=gal>

³ <https://culleredovivo.es/proxecto-museistico-na-fabrica-de-cros/?lang=gal>

² <https://culleredovivo.es/la-descontaminacion-de-cros-es-una-prioridad-para-la-edusi/?lang=gal>

¹ <https://culleredovivo.es/wp-content/uploads/2021/06/MEJORA-DE-LA-PERMEABILIDA-URBANA.pdf>

Ao que tamén engade no artigo 65. Reparación de solos contaminados:

As actuacións para proceder á limpeza e recuperación dos solos declarados como contaminados poderán levarse a cabo mediante acordos subscritos entre os obrigados a realizar as ditas operacións e autorizados mediante convenios entre aqueles e as administracións públicas competentes...

... Os convenios de colaboración poderán concretar incentivos económicos que poidan servir de axuda para financiar os custos de limpeza e recuperación de solos contaminados.

É dicir, a administración autonómica, con competencias na materia, oferta unha ferramenta de control e seguimento que procura a descontaminación ou a determinación de medidas de control e seguimento a través de fundamentos técnicos. Despois de máis de 15 anos nos que o goberno municipal non foi quen de finalizar os traballos de descontaminación e desenvolver un proxecto de futuro para poñer a Cros ao servizo da veciñanza, consideramos que esta pode ser a vía para certificar a descontaminación efectiva dos terreos.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e, se procede, aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. Solicitar do órgano da Administración Xeral da Xunta de Galiza competente en materia de solos contaminados a declaración e delimitación dos terreos da Fábrica da Cros como solos contaminados, segundo o artigo 61 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galiza, para o que o Concello de Culleredo remitirá á administración autonómica toda a información dispoñible ao respecto.

2. Incoar expediente para establecer un plan de acción en colaboración coas administracións competentes, que se concrete en convenios que recollan

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

incentivos económicos para financiar os custos de limpeza e recuperación, para a efectiva descontaminación dos terreos da Fábrica da Cros co obxectivo de alcanzar o levantamento desa declaración en base a fundamentos técnicos.»

A Presidencia abre a quenda para o **DEBATE**:

Solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que os membros do seu Grupo van votar a favor da proposta que se presenta neste punto porque eles tiñan dúbidas tamén respecto do estado de descontaminación deses terreos e no punto número 2 do pleno extraordinario no que se debatía se se aprobaba ou non a proposta do CETIM eles quixeron falar sobre iso pero dado que non prosperou xa non tiveron ocasión. A propia Fundación no seu anteproxecto recoñecía que os terreos seguían contaminados, independentemente de como se levara a cabo o intento de descontaminación que se fixo cos fondos europeos. Para Alternativa dos Veciños, independentemente do destino que se lle vaia dar a eses terreos, é inevitable asegurarse de que o estado de descontaminación permite utilizalos para calquera uso en condicións de salubridade óptimas.

C.I.F. P-1503100-H

A voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu, solicita o uso da palabra e , unha vez concedido, di que desde o seu Grupo pediron en numerosas ocasións tanto no pleno como en comisións as analíticas deses solos e augas subterráneas e nunca recibiron resposta por parte do Concello. Sempre achacaron ese escurantismo a que as analíticas indicaban unha grave contaminación. Tiveron acceso casualmente a analíticas do 2008 na que se avisaba dunha grave contaminación por metais pesados e hidrocarburos. Solicitaron máis información a distintos organismos e saben que no 2018 a Consellería lle require ao Concello un estudio de descontaminación, que no 2021 o Concello presenta un proxecto de investigación para coñecer o grao de contaminación e que a finais do 2022 o Grupo municipal do Partido Popular insta á Consellería de Medio Ambiente a que requira ao Concello a execución do proxecto de investigación aprobado. Souberon tamén que no 2019 se fixeron unhas análises e que as analíticas cumprían tanto os valores de metais pesados como de hidrocarburos que se determinarán no proxecto de investigación. O que non lle consta como Grupo municipal é que se estea cumprindo coas analíticas trimestrais solicitadas pola Consellería para a zona valada nin que haxa ningunha analítica na zona fora do valado.

A súa proposta é emendar os acordos propostos polo Grupo municipal do BNG e instar ao Concello a que contrate a unha empresa que realice as analíticas trimestralmente para cumprir co último requirimento da Consellería de Medio Ambiente. Desa forma confirmaríanse os resultados da última analítica de decembro do 2019.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo de goberno, Sra. Figueroa Fuentes e, unha vez concedido, di que as mostras líquidas recollidas e tendo en conta os valores de referencia indican que as augas subterráneas cumpren cos criterios de

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

conformidade. Di que isto é o que recolle o informe ao que tivo acceso o equipo de goberno e ao que podería ter acceso tamén o BNG se o solicitara con anterioridade a presentar a moción. Non sabe en que informes se baseou o BNG para asegurar tan vehementemente que os terreos están contaminados. Poden compartir que se faga un estudo sobre os terreos de fora do valado da estrutura da Cros pero hai dous informes que indican que os terreos que están dentro do valado están descontaminados, dándose por recuperada a zona xa no 2011 e no 2019 confirmase que se manteñen os niveis de contaminación baixos. Gustaríalles poder apoiar a moción porque calquera partido político estaría a favor de descontaminar pero hai que saber que hai que descontaminar e en que informes se basean para facer unha afirmación dese calado. Entenden que neste caso non habería que instar á Xunta porque a Consellería xa recoñeceu que está executado o proxecto do 2011 e se lle pasou o do 2019. O que si se poden aceptar son as revisións trimestrais propostas polo Grupo municipal do Partido Popular.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que si lle parece oportuno ver en que estado se atopan os terreos fora do valado porque puidera ser que en calquera momento houbera que facer alí algunha obra e fora necesario mover terras. A empresa que fixo os informes para a descontaminación da parcela xa ten os lugares nos que poñería os testigos. Nas parcelas contiguas estúdiouse a posibilidade de facer un aparcamento que conlevaría movemento de terras e requiriría dun previo estudio porque se se tratara de terras contaminadas habería que determinar a onde se levarían. O goberno municipal apoiará a moción se se teñen en conta as emendas propostas polo Partido Popular e aceptar que hai unha parcela que si cumpre e outra que podería ser obxecto de revisión. A Fundación CETIM xa incluía no seu anteproxecto a descontaminación da parcela no caso de que fixera falta. O colexio quería facerse na zona que non estaba descontaminada e por iso retrasaría moito os prazos.

A Sra. García Gorostizu di que ao seu Grupo lle sorprende moito o escurantismo co que se levou sempre este tema, polo que teñen preguntado en numerosas ocasións.

A continuación o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Chouciño Garrido, fai uso da palabra e di que todo lle parece moi confuso. Di que no primeiro punto se propón “Solicitar do órgano da Administración Xeral da Xunta de Galiza competente en materia de solos contaminados a declaración e delimitación dos terreos da Fábrica da Cros como solos contaminados...” e lle pregunta a Sra. Figueroa Fuentes se pretende que o BNG faga a peritación do que hai alí e lle di que o BNG non ten recursos para iso. Pensa que queda ben claro o que alí hai. No proxecto do CETIM xa se falou de tres parcelas, unha que delimita a fábrica e dúas adxacentes. Di que non lle parece casual nin de boa fe a confusión sobre este tema. No proxecto do CETIM ían incluídos proxectos nos terreos adxacentes facendo ocos de 60x60cm para plantar árbores cando se recoñecía que hai un geotextil e unha lixeira capa de terra vexetal por riba, delimitando o que supostamente ten por abaixo contaminado. Se lle pregunta de que parcelas falan e di que son ben prudentes cando falan de que procede a delimitación. Di que o goberno municipal saca agora informes de todo tipo, algún do 2020, momento no que el xa era concelleiro municipal, sen que en ningún momento se dera conta aos representantes electos do pobo de Culleredo deses informes, evidenciando que se ocultaban ata agora. Pregunta por que non se

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

presentaron no momento en que o BNG presentou esta proposta. Di que intentaron abreviar a exposición de motivos porque lles parecía moi longa pero é da páxina web municipal de onde sacaron todas as citas, nas que se fala de que a descontaminación da Cros é unha prioridade para os Edusi, sen que se fixera nada desde que isto se puxo na páxina. Inclúese unha partida de 250.000 euros dentro do Edusi para descontaminación. Di que este é un tema moi importante e no que falar de escurantismo é pouco. A todo o mundo lle chama a atención que alí se poida facer algo despois das citas que se poden ver na páxina CulleredoVivo. Para o BNG é fundamental que a xente coñeza a verdade. Invita ao goberno municipal a colgar na páxina web os informes dos que falou.

A Sra. Figueroa Fuentes solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que a moción si delimita os terreos e fala do proxecto presentado no pleno do mes de febreiro no que se pretendía debater o anteproxecto para a cesión de dúas parcelas a unha entidade privada. O que pide o goberno municipal, ao igual que fixo o Partido Popular, e que se acepte unha emenda e facer unha análise da parte de fora do perímetro valado e unha revisión trimestral para ver se se manteñen os niveis baixos de contaminación. Respecto de que se esconden informes lle pregunta ao Sr. Chouciño se cre que o goberno municipal pode querer esconder un informe que indica que o terreo está descontaminado e cal podería ser o interese de agochar un informe favorable. Pregunta quen practica agora o escurantismo e que o único que se lle pide ao BNG é que acepte a emenda.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo amosou dúbidas en canto ao estado de descontaminación remitíndose ao anteproxecto presentado polo CETIM no que, na páxina 30, fala das parcelas nas que se ía acometer a labor do CETIM e corroboran o que vén de dicir o voceiro do BNG. Parece que as dúbidas con respecto ao estado de descontaminación son certas. A Sra. Figueroa fala de terreos descontaminados por un lado e de contaminación baixa por outro. O único que pregunta Alternativa dos Veciños é se o terreo está descontaminado e se pode realizar nel calquera actividade en condicións óptimas de salubridade. Ela non ve problema en someter o terreo ao control pertinente e, caso de que todo estea ben, quedar todos tranquilos ou, no caso contrario, facer o que haxa que facer.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que o que vén de dicir a Sra. Palla Maceiras vén en consonancia co que di o goberno municipal que é facer o seguimento da parcela delimitada e o estudio das parcelas contiguas.

O Sr. Chouciño Garrido di que a proposta do BNG consta de tres carillas e que a moción está rexistrada desde hai unha semana. Todos os membros da Corporación teñen acceso ao texto. Está todo ben claro e na moción xa recolle o que establece o artigo 61.2 sobre declaración de solos contaminados: "A resolución que declare un solo como contaminado conterá [...] a) As medidas de control e de seguimento que, de ser o caso, deban adoptarse. b) Os usos aos cales non poderá ser destinado o solo en tanto subsista a declaración. c) A fundamentación xurídica e técnica en que se sustenta a declaración".

Di que cando se fala dunha forma mundana de "contaminado" ou non iso require dunha definición máis exhaustiva e saber de que tipo de descontaminación se fala porque pode ser por suciedade, radioactiva, por metais pesados, etc., e en función do resultado facer

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

unhas cousas ou outras. A sensación que hai é que ao goberno municipal iso lle dá igual se hai alguén que se faga cargo da zona como deu a entender o anteproxecto que se levou ao Pleno no mes de febreiro.

Pregunta cal é a emenda da que se fala porque non a entendeu.

Responde a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu, e di que é certo que hai a analítica e os informes e que a parcela, por parte da Consellería, se considera descontaminada no sentido de que os contaminantes están por debaixo duns valores límite establecidos. A Consellería requiriu unhas analíticas trimestrais para confirmar que a posible contaminación se atopa por debaixo dos valores límite establecidos polo que ela solicita que o Concello asine un contrato cunha entidade ENAC para que leve a cabo as analíticas solicitadas e se confirme que os valores seguen por debaixo dos valores máximos establecidos e que, na parcela na que non se fixo ningún tipo de control, a que está fóra do valado, aplicar o estudio que se presentou e que estaba aprobado para ver se hai ou non contaminación. Resume que a proposta do Partido Popular é retirar os acordos propostos polo BNG e recoller o que vén de explicar.

O Sr. Chouciño Garrido di que entende que do que se fala é da parcela na que se atopa a estrutura e da que non se sabe o seu estado é da restante e que tanto o goberno municipal como o Partido Popular piden ao BNG un acto de fe porque se lle pediu información á Consellería, do Partido Popular.

A Sra. García Gorostizu di que o seu Grupo non lle pediu a información á Consellería senón aos técnicos municipais e que por este motivo dixo anteriormente que non entenden o escurantismo que practica o goberno municipal cando os informes das analíticas son favorables.

A continuación intervén a Sra. Figueroa Fuentes e di que hai un catálogo recente da Xunta de solos contaminados e a Cross non figura nel.

O Sr. Chouciño Garrido di que o catálogo referido é o rexistro do que fala a Lei de solos contaminados que fai a Xunta de Galicia polo seu propio rastreo ou pola información que se lle transmite e puidera ser que a Cross non apareza porque ninguén transmitiu ese dato nunca.

Di que tanto o goberno do Sr. Sacristán anteriormente como agora o do Sr. Rioboo tramitan a través dos fondos Edusi unha solicitude de fondos para a descontaminación da Cross e pregunta que hai que crer ante isto cando se fala dun proxecto de descontaminación cunha partida de 250.000 euros. Pregunta se se fixo nalgún momento dito proxecto de descontaminación porque el non o viu na plataforma de contratación nin en ningún contrato menor en ningún momento.

Invita a quen estea escoitando a que poña nun buscador “CulleredoVivo.es” porque atopará a información que el vén de comentar. Pregunta a quen hai que crer e se o que pasa é que o Concello de Culleredo pedía fondos para descontaminar con outra idea.

Di que lle parece perfectamente fundamentada a moción que presentan e totalmente procedente o que se solicita podendo engadirse un punto terceiro que diga que na próxima comisión informativa de Presidencia se achegue toda a documentación da que se vén de

61 de 70

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

falar e que se poña a disposición de todos os grupos da Corporación pero suspender os dous puntos que recolle a súa moción non pode ser porque están perfectamente motivados e fundamentados e tratan cuestións legais porque é obrigatorio legalmente facer a inscrición no Rexistro cando se coñece un solo contaminado. Non aceptan a emenda que se propón.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que para que a Xunta de Galicia determine que un solo está contaminado haberá que presentar un informe e despois indicar a que fin se quere destinar dito solo e de determinarse que se trata dun solo contaminado entrar no proxecto de descontaminación que ten que validar a Xunta de Galicia. A propia Xunta de Galicia conta con fondos para terreos contaminados.

O Sr. Chouciño Garrido di que a propia moción xa recolle a existencia de fondos para terreos contaminados.

O Sr. Alcalde lle pregunta ao Sr. Chouciño Garrido se o BNG acepta a emenda proposta ou non.

Responde o Sr. Chouciño Garrido e di que non, e que aproveita para solicitar que se poña a disposición de todos os grupos municipais a documentación da que se vén de falar.

C.I.F. P-1503100-H

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo transcrita anteriormente, con seis (6) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Alternativa dos Veciños (2) e quince (15) votos en contra, os dos representantes dos grupos municipais PSdG-PSOE (8) e Partido Popular (7), o Pleno municipal acorda REXEITAR a moción presentada.

11.- CONTROL E SEGUIMENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

11.1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA E CONCELLERÍAS DELEGADAS.

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación das Resolucións da alcaldía e concellerías delegadas ditadas, desde a última sesión plenaria ordinaria, que corresponden ás Resolucións con números e datas seguintes:

301/2024, do 22 de febreiro de 2024, á **502 /2024**, do 19 de marzo de 2024, todas elas incluídas.

12.- ASUNTOS DE URXENCIA

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

13.- ROGOS E PREGUNTAS

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen algún rogo ou algunha pregunta para facer.

Solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que ten dous rogos e dúas preguntas para facer e pregunta se os relaciona xuntos ou por separado.

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que os relacione todos xuntos.

A Sra. Palla Maceiras relaciona o seguinte:

- Salvo erro pola súa parte, o mantemento do lavadoiro da Fraga que está en Castro da Laxe pertence ao Concello e se atopa en estado de total abandono polo que roga se efectúe o mantemento de forma continuada para evitar perder o ben se o seu estado de deterioro se agrava.
- Respecto da pista que se atopa no Centro Cultural O Noso Lar, salvo erro tamén pola súa parte, mediante un convenio establecido co propio Centro, a súa xestión e o seu mantemento lle corresponde ao Concello. Veciños da zona solicitan que se coloquen alí sinais de prohibición de aparcamento na pista porque se está a utilizar para ese fin impedindo a súa utilización como pista de xogo.
- Pregunta se hai previsión de cando se van levar ao Pleno os orzamentos do 2024.
- Pregunta se a curto prazo hai previsión de convocar a Comisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal e se se lle pode dar continuidade ao xa feito para poder avanzar dalgunha maneira.

Responde a concelleira do equipo de goberno Sra. Iglesias Becerra e di que estas preguntas xa foron feitas no anterior pleno e teñen previsto contestalas pero non ten inconveniente en responder neste momento e engade que, respecto dos orzamentos, están á espera de valorar os servizos con contratos caducados que están pendentes de licitar e no momento en que se teña dita cantidade se poderá someter ao Pleno un borrador do orzamento.

Respecto da convocatoria da Comisión especial do PXOM está pendente de modificación a Lei estatal do Solo para a súa tramitación nas Cortes Xerais e o

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

gobierno municipal considera fundamental ver a influencia que poida ter dita modificación no PXOM se se aproba dita Lei.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, traslada o seguinte:

«Señor Alcalde, desde o Grupo Municipal do BNG queremos trasladarlle e unirmos á preocupación da comunidade educativa do CRA de Culleredo, do Colexio Rural Agrupado, que unha vez máis síntese abandonado polo goberno municipal. Levan trasladado en numerosas ocasións a situación que están vivindo na escola de Ledoño, e digo numerosas, porque levan xa 4 roubos nos últimos dous cursos, e acumulan 2 nas últimas semanas. Roubaron todo tipo de equipamento, e xa desde o primeiro aviso tralo primeiro roubo en outubro de 2022, hai ano e medio, trasladáronlles a vostedes os destrozos que se fixeran e que os deixaban aínda máis en perigo sen que vostedes teñan posto solución algunha ao problema.

O equipo docente e as nais e pais de alumnos do CRA non poden seguir agardando a que a vostedes lles dea a gana de tomar cartas no asunto. Por favor, rogámoslle que de xeito inmediato tomen medidas para reparar os desperfectos que permitan rematar cos roubos na escola de Ledoño e que doten ás escolas do Colexio Rural Agrupado de sistemas de alarma. Non se entende porque o Colexio Rural Agrupado é o único centro escolar público do noso concello sen sistemas de alarma... Pódeno explicar? En todo caso tomen medidas de xeito inmediato, e se fora necesario de xeito subsidiario, para poder rematar con esta situación.»

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención o Sr. Méndez Mosqueira e di que ten tamén as seguintes preguntas que foron rexistradas en tempo e forma para ser contestadas na sesión que se está a celebrar:

«En vista do avanzado estado de execución das obras na contorna da Praza de Galiza, no Burgo, as veciñas e veciños desa contorna, nós mesmos e calqueira que pase por alí, pode comprobar as evidentes diferencias entre o proxecto que se pode consultar na Plataforma de Contratación como parte do expediente da licitación. No proxecto segundo o que foi licitado a obra eliminaba xa 10 prazas de aparcamento, unha idea coa que podemos coincidir e estar de acordo co fin de mellorar a mobilidade peonil. Pero e que as veciñas e veciños atopan agora que vostedes deciden eliminar outras 10 prazas de aparcamento a maiores, incluíndo unha praza de aparcamento para persoas con mobilidade reducida, sen que conste no expediente absolutamente ningún procedemento para a modificación do contrato, tal e como establece a Lei de Contratos do Sector Público. Vostedes deciden deixar a unha persoa que ten un dereito recoñecido, recoñecido a través de resolución municipal en 2017, despois de contar con informes favorables de servizos sociais, da Policía Local, do servizo de Medio Ambiente, Obras e Servizos... (que non pense a xente que contar cunha praza de aparcamento para

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

persoas con mobilidade reducida é cuestión dun día para outro...), despois de todo isto, vostedes deixan a esta persoa sen a praza que ten recoñecida e que por cuestións das súas condicións de mobilidade debe estar onde estaba, nese punto da Rúa Alexandre Bóveda, poñen fin a ese dereito recoñecido por vostedes mesmos a través dunha modificación do proxecto orixinal co que se licitou a obra. Unha obra que ademais debe contar necesariamente con autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por estar na contorna do Camiño de Santiago, do Camiño Inglés e por contar ademais con elementos patrimoniais como o Cruceiro da Igrexa de Santiago. Nós SI revisamos o expediente e a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio di literalmente: “Calquera modificación das características descritas neste informe ou outra intervención que se queira engadir, deberá ser novamente sometida a informe pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.” O informe dedica ademais un parágrafo a como deben ser as prazas de aparcamento que vostedes decidiron eliminar... Cre vostede que á Dirección Xeral de Patrimonio non considerará a súa eliminación unha modificación que merece a súa revisión?

Por outra banda, continúan avisos, fotografías, videos... das pingueiras que seguen a aparecer día a día no interior dos garaxes da propia Praza que non debemos esquecer son a orixe destas obras de reforma, trala sentenza xudicial que condenou ao Concello de Culleredo a reparar a súa cuberta xa que quedou demostrado que vicios na propia construción e a absoluta falta de mantemento por parte do Concello provocaban goteiras e humidades no interior que seguen sen se resolver. Por favor, non deixe vostede novamente abandonados ás veciñas e veciños que teñen na Praza de Galiza o seu garaxe sen máis opción que ter que seguir batallando... Aínda que sexa á segunda, con décadas de atraso, pero por favor, asegúrese de que desta volta a obra queda ben feita.

Pero centrándonos nas inexplicables modificacións do proxecto, poderían aclararlle ás veciñas e veciños e a nós mesmos que tivemos oportunidade de revisar o expediente, as seguintes preguntas:

- Teñen realizado modificación no proxecto orixinal que foi obxecto da licitación con código de expediente UCP/2022/108?
- Tense seguido o procedemento para a modificación de contratos recollido nos artigos 203 a 207 e 242 da Lei de Contratos do Sector Público?
- Por que non aparecen recollidos no expediente os actos requiridos para a modificación de contratos segundo a Lei de Contratos do Sector Público?
- Á vista das evidentes modificacións respecto do proxecto orixinal e tendo en conta a necesaria autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza, teñen vostedes solicitado autorización para a modificación do proxecto tal e como require a Dirección Xeral de Patrimonio na súa autorización ao proxecto orixinal?>

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

Responde o Sr. Alcalde-presidente e di que co ánimo de responder por escrito e de forma máis exhaustiva lle anticipa que as modificacións substanciais que provocan unha modificación no orzamento son das que hai que dar conta no caso de que ditas modificacións supuxeran un cambio substancial do orzamento. Os técnicos municipais, a dirección de obra, proxectista e demais terán feitos informes de ser necesarios para a modificación da praza porque no propio aillamento no proxecto xa se fixo algunha modificación para mellorar o apantallamento duns muros que estaban feitos pola construtora e pola titular do garaxe naquel momento e que foron obxecto de mellora pero en todo caso pedirán un informe ao departamento e á dirección de obra para poder matizar os puntos referidos polo BNG.

Respecto da praza para persoas con mobilidade reducida di que no momento en que se efectuou a obra se falou co titular da praza quen dixo que levaba catro anos sen utilizala e que non lle supoñía ningún trastorno a súa realización. Concreta que se falou coa dona do titular da praza. Pedirá un informe ao respecto para ter constancia do sucedido e poder responderlle con máis exactitude.

O Sr. Méndez Mosqueira di que veñen de participar nun congreso sobre contratación pública que organizou a Deputación da Coruña, no que non viu ao alcalde de Culleredo e que resultou moi interesante, no que se falou das modificacións dos contratos e no caso do que falou hai modificacións previstas e modificacións non previstas. As modificacións previstas teñen que estar incluídas no prego de condicións administrativas e no prego de condicións administrativas da obra da que se está a falar non é que non aparezan previstas senón que di literalmente que non hai previstas modificacións. Calquera modificación non prevista ten un procedemento que se pode consultar na Lei de contratos e ten unha tramitación, un trámite de audiencia, un proxecto da modificación, etc, e nada diso está no expediente polo que na resposta do Sr. Alcalde por escrito agradece que tome nota desas cuestións para ir ao asunto e non dar voltas e se a modificación da que se fala é unha modificación non prevista se explique por que non está recollido no expediente o procedemento para realizar dita modificación e sobre todo se explique se se solicitou da Dirección Xeral de Patrimonio a autorización para a modificación que a propia autorización da Dirección Xeral esixe.

Segue a súa intervención e di que vai presentar un rogo que vén precedido dunha reflexión. Na sesión plenaria que se está a celebrar se está chegando ás doce da noite e non porque se estean debatendo grandes propostas do equipo de goberno. O BNG presentou tres mocións, o Partido Popular presentou outras tres con diferentes propostas e o equipo de oito concelleiros e concelleiras do equipo de goberno con responsabilidade de goberno presentaron unha modificación orzamentaria en lugar dunha proposta de orzamento, unha derogación dunha taxa en lugar dunha proposta de actualización da taxa, e unha proposta para

66 de 70

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

C.I.F. P-1503100-H

corrixir un erro na solicitude dunha subvención. Iso pese a contar con tantos asuntos importantes para levar ao Pleno. Fálase de necesidades de persoal e puntualiza que as OPEs, as ofertas públicas de emprego, apróbanse no primeiro trimestre do ano e non como fai a Sra. Figueroa todos os anos que as aproba en decembro. Estase no mes de abril polo que xa podería vir ao Pleno a OPE. Respecto dos pregos de contratación poderían traer os que quixeran, tanto o da limpeza de edificios como o de limpeza viaria, servizo de atención a domicilio, servizo de auga potable, o orzamento, o plan estratéxico de subvencións que teñen solicitado e acordado en Pleno, por non falar xa do PXOM do que xa falou a voceira de Alternativa dos Veciños. Di que se quere centrar nun específico anunciado polo goberno municipal e que agardaban a súa presentación na sesión plenaria que se está a celebrar pero non se ve por ningunha parte. Nunha reunión o 3 de marzo a Sra. Figueroa anunciou unha inminente modificación puntual da RPT, a Relación de postos de traballo, que segundo palabras da propia concelleira resolvería cuestións estruturais e da que nada se sabe e da que non informou aos grupos da oposición, outra modificación puntual cando ata o novo secretario ten xa recollido e trasladado a necesidade de proceder a unha revisión integral da RPT. A maiores de reclamarlle unha revisión integral da RPT, roga que se a intención do goberno municipal é traer ao pleno para a súa aprobación unha modificación puntual máis, que abandone a habitual arbitrariedade coa que dirixe o seu departamento. Ela dixo que actúa con obxectividade respecto dos dereitos dos cidadáns pero non pode dicir o mesmo respecto respecto da obxectividade coa que trata os asuntos dos propios traballadores e traballadoras do Concello. A Sra. Figueroa Fuentes vai presentar unha nova modificación da RPT. Examinando as dúas últimas modificacións puntuais vese que na do 2021, o informe de Secretaría naquel momento di o seguinte:

“Na documentación obrante non consta xustificación algunha que xustifique de forma individual nin específica os niveis de complemento de destino dos postos que se propoñen modificar. Tampouco consta a previa valoración obxectiva destes. Non se xustifican os niveis que se fixan. Non consta que se realizase un estudio e avaliación individual de cada posto de traballo. Tampouco se xustifica por que se homologan os concretos postos cuxo complemento de destino se incrementa e outros non.”

Na do 2023, como ao goberno municipal non lles gustara o informe de Secretaría referido, o xefe de Gabinete propón a modificación da RPT na que el mesmo sube o seu complemento e ademais informa favorablemente a modificación da RPT como secretario accidental. Di que eses son os precedentes das modificacións puntuais da RPT que fai o goberno municipal. Pide que se se vai presentar unha modificación máis da RPT que se aproveite para, dunha vez, escoitar aos funcionarios e aplicar a suba de niveis que está pendente e que é un requirimento do Real decreto lei 6/2023, de 19 de decembro, porque aplicar a Lei si que sería facer algo obxectivo. A arbitrariedade da concellaría de Persoal queda tamén

67 de 70

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

C.I.F. P-1503100-H

demostrada, continuando co xefe de Gabinete, unha persoa que admite en sede xudicial que as súas tarefas son propias de persoal de confianza, un xefe de Gabinete que solicitou por cinco veces a prórroga na súa data de xubilación e o goberno municipal non tivo problema en aprobala, cando non aplica a mesma norma para todos pois se lle acaba de denegar o mesmo dereito a outra traballadora, unha profesional da que el pode dicir pola súa propia experiencia profesional na empresa privada e en organizacións do terceiro sector que é unha profesional de recoñecido prestixio no seu sector, no de servizos sociais, un servizo que lidera a concelleira de Persoal e do que traslada, como é evidente, a falta de persoal. A Sra. Figueroa Fuentes é responsable da concellaría de Persoal e Servizos Sociais, entre outras, e queixase da falta de persoal no servizo pero decide prescindir dunha profesional do equipo cunha motivación totalmente arbitraria. O Sr. Méndez Mosqueira di que segue agardando a que se lle dea acceso aos expedientes de execución do Plan de Obras e Servizos da Deputación para gasto social, que está financiado pola Deputación da Coruña, e no que se está a demorar máis de dous anos a contratación de persoal correspondente a proxectos sociais que xa contan con financiación. Pódese continuar con mostras da arbitrariedade da Sra. Figueroa Fuentes por exemplo con propostas de sanción de traballadores municipais pois mentres que nun caso garda no caixón expedientes sancionadores só pendentes de execución da sanción decidindo deixalos caducar ata que o empregado se xubila, noutro caso hai empregados con expedientes sancionadores nos que a concelleira de Persoal decide impor medidas cautelares, as máis gravosas, saltando dereitos fundamentais do traballador como pode ser o trámite de audiencia. Di que a Sra. Figueroa amosa obxectividade 0% e arbitrariedade 100%. Lle roga que se trae unha modificación da RPT aplique o que lle está solicitando o funcionariado, pois é do seu dereito, e que abandone a súa habitual arbitrariedade.

O Sr. Alcalde-presidente recorda aos asistentes que ás doce hai que rematar o Pleno.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que ao alcalde lle gusta moito o tema da comunicación e hoxe ela vai presentar dúas primicias.

Falou cos representantes da Comunidade de propietarios do edificio Vilaculler situado na praza Daniel Rodríguez Castelao e lles dixo que o proxecto para a mellora da accesibilidade ao edificio ía xa. Estando xa no mes de abril, a pregunta é cal é a data aproximada para a resolución.

Na rúa Barreiras hai un veciño que ten inundada a súa finca e foron os policía municipais e alguén de Medio Ambiente pero non lle dan ningunha solución.

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

Ela visita todos os días a parroquia de Boedo e xa non sabe como pedirlle ao goberno municipal que por favor lles poñan unha televisión e que os traten coa mesma dignidade que a calquera veciño e veciña de Culleredo. Di que isto vai ser un clásico porque vai ir a todos os plenos co clásico dos veciños de Boedo e lle pide ao goberno municipal que quede con eles e os atenda pois están cansos de solicitar unha sinal para que os camións non teñan que frear e dar a volta cando teñen sitio por outro lado.

Di que o tema político debера ser unha parte moi vocacional e moi sentida e os veciños e veciñas de Ledoño, de Orro, de Vilaboa, do Burgo, teñen as mesmas necesidades que os veciños de Boedo.

Por último, solicita que se coloquen uns autofalantes porque teñen que berrar e o público que asiste ás sesións plenarias debера escoitar ben. Di que non lles caen os aneis por ter que andar cambiando o micrófono dun para outro pero que considera que un concello como o de Culleredo debера contar con outro tipo de instalacións.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ten unhas preguntas para facer no Pleno pero que as presentará por escrito.

De seguido a Sra. García Gorostizu di que noutros concellos viuse como cando unha sesión chegaba ás doce da noite se pechaba e se continuaba ao día seguinte.

O Sr. Alcalde-presidente di que si se pode facer así ou continuar na seguinte sesión cos puntos que quedaron sen tratar na anterior.

A Sra. García Gorostizu procede coa súa intervención e di que no pleno anterior, ante o seu rogo de habilitar prazas de aparcamento nas zonas urbanas do Concello o Sr. Alcalde deu unha vez máis outra clase maxistral de como non se deben facer as cousas pois comezou a enumerar prazas e prazas que se ían crear nas distintas zonas do Burgo, Vilaboa ou Fonteculler estendéndose ata tal punto que lles levou case un día enteiro contalas e identificalas nos planos; a pena que non foron tan rápidos nin o concelleiro delegado nin a asesora xurídica do Concello en poñer a súa disposición os expedientes relativos a cada un deses aparcamentos que segundo palabras do Sr. Alcalde proximamente estarían xa a disposición dos veciños. Agardaron días, tiveron que volver a reclamalos e remataron tendo que ir falar co secretario municipal pedíndolle que mediara con eles para poder exercer o seu dereito de dispoñer deses expedientes e a súa sorpresa foi que o atraso non era debido á numerosa documentación e expedientes senón que era debido a que non había nada de nada, tan só un

69 de 70

Código do documento	Código do expediente
USG18I045N	USG/2024/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D49 301Z 0122 5H1S 0DAE	

expediente dun aparcamento en Costa da Lonxa que conta só cunha solicitude de proxecto, sendo aínda máis sorprendentes as palabras do concelleiro de Obras que, ante a súa insistencia, acabou recoñecendo que non había nada de nada e que só eran ideas do alcalde que dixera no Pleno. Ante esta realidade roga ao Sr. Alcalde que se tome en serio os problemas de aparcamento dos veciños e do comercio local, que soliciten os proxectos necesarios e que en menos dun ano as prazas de aparcamento sexan unha realidade para os veciños de Culleredo. A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que o seu concelleiro ten razón porque el non falou de expedientes pois do que falou foi dos lugares nos que se ían facer as prazas.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e tres horas, cincuenta e nove minutos cincuenta e nove segundos (23:59:59 h.) do día expresado “*ut supra*”, a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta do que eu, como Secretario municipal, dou fe.

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde e do secretario municipal, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

C.I.F. P-1503100-H